

A Comarca recibirá dous millóns de euros da Deputación para melloras

A Deputación da Coruña achegará preto de dous millóns de euros aos catro municipios da *Terra de Melide* para investir en actuacións de saneamento, abastecemento de augas e mellora das viais entre as localidades.

Todas estas melloras son posibles grazas as axudas do organismo provincial a través do seu Plan de Cooperación de Concellos. Este programa distribuíra a subvención en función dunha serie de requisitos que cumpra cada un dos

municipios. Así a capital da bisbarra percibirá un total de 775.000 euros que o executivo local destinará en maior parte para a recuperación integral da área recreativa de Furelos e melloras de saneamento nas súas parroquias.

O vicepresidente da Deputación da Coruña, Pablo Villamar, visitou a vila para dar a coñecer o contido deste plan que abrangue a oitenta e tres concellos da provincia da Coruña e se estenderá ata o ano 2011. **P3**



Melide honra ao seu patrón, San Pedro

Centos de veciños botaronse á rúa para participar nos actos organizados, pola Igrexia Parroquial e Asociación Cultural Terra de Melide, para honrar ao seu santo.

Aínda que a festividade celebrouse soamente na xornada do serán, non faltou a solemne procesión

nin a música que anunciaba que o municipio estaba de festa.

*Pero si por algo salientou a cita deste ano foi pola recuperación da tradicional barcaza floral, que se ubicou na Praza das Coles, e cuia proa estaba encabezada polo patrón da vila: San Pedro. **P14***

MELIDE

A Fundación de Terra de Melide pendente do seu futuro. A delegada do Rural comunicoulles aos seus integrantes que o seu departamento autonómico non financiará a entidade ao cen por cen como acontecía na actualidade **P 4**

COMARCAS

Toques convoca o seu I concurso de fotografía infantil. O día da entrega de premios, os escolares foron os protagonistas dun pleno na Casa do Concello, á vez que coñeceron de preto as instalacións do edificio consistorial **P9**

EMPRESA E COMERCIO

ASETEM-CCA celebrou a súa cea anual de socios Durante a velada a Asociación de Empresarios entregou os seus xa tradicionais premios as súas empresas e contou no acto coa presenza do Conselleiro de Economía e Facenda e membros da exitosa serie Libro de Familia que emite a TVG **P10**

DEPORTES

Día da Festa do Deporte en toda a comarca. Santiso, Toques e Melide engadíronse por unha xornada a esta iniciativa promovida pola Consellería de Cultura. Os veciños de cada un dos Concellos participaron en un amplo abano de actividades, programadas polos seus municipios, para poder celebrar este día adicado ao deporte **P18**

Editorial

ASETEM impulsou a Festa do Melindre

A historia existe para lembrar os acontecementos que sucederon no pasado, nembargantes ás veces esquecense ou agocháanse anacos dela para que non fiquen na lembranza popular das xentes.

E o intre de que nós rescatemos algunha das pezas perdidas do puzzle histórico da nosa comarca para que vós, como lectores do noso xornal, saibades que a nosa Asociación de Empresarios non só se constituíu para recoller as inxedanzas dunha parte do empresariado senón tamén para procurar favorecer aos veciños da nosa terra.

Cando ASETEM-CCA naceu, alá polo ano 1989 e baixo o nome da Asociación de Empresarios Terra de Melide, as oito persoas que formaron a nosa primeira directiva xa loitaron para crear iniciativas populares que fosen do agrado dos cidadáns e un referente turístico da vila máis alén da súa demarcación xeográfica.

No seno desta executiva fundacional do noso colectivo xerminou a sémola de crear a primeira festa adicada ao noso doce máis tradicional: o melindre.

Así ASETEM fomos os pioneiros deste evento e organizamos a primeira Festa do



Melindre, iso si contando co inestimable apoio do goberno local que por aquela rexía no noso Concello, no ano 1991.

Non fai falta dicirvos que esta iniciativa, que partiu desta modesta asociación empresarial, foi todo un éxito; os dezasete anos consecutivos que se vén celebrando é o mellor aval que pode acreditarlo.

Pero aquela directiva, xa lexendaria na nosa entidade, non soamente promoveu este proxecto tan coñecido na nosa bisbarra. Da súa man tamén creouse a primeira Feira da exaltación á tenreira Galega que tivo unha gran acollida

durante as convacatorias nas que se se organizou.

Pasadas caseque dúas décadas dende a fundación da nosa asociación, ASETEM-CCA, e as súas novas xeracións, non deixamos de traballar en prol e para todos os que conformamos a sociedade melidense. Alonxáramonos moito detallados outras actividades que ao longo dos anos levamos a cabo pero, outro exemplo, o tedes agora fronte vós coa elaboración deste xornal que estades a ler. O Cerne iniciou a súa andaina no 2003 pensando tamén en vós: os veciños.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuita. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Daniel Roibás, Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Tribuna de opinión

Petos baleiros

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Xa é coñecido por todos que o Estado español está a travesando unha crise económica, cunha grande recesión da que o propio Ministro de Economía Solbes adiantou, hai poucos días, que no vindeiro trimestre este problema non ía ir a mellor senón que incluso empeoraría un pouco máis. Aínda así tamén informou que tiña postas moitas esperanzas en que a situación resolveríase no vindeiro ano.

Pero o feito é que mentres non se resolucione esta mal racha na nosa economía, nós temos que premernos os cintos para dosificar os nosos gastos e que non nos atope esta crise cos petos baleiros. Para isto tamén é necesario que contemos con algunhas axudas que nos permitan poder acceder a cousas imprescindibles na nosa bisbarra e estou a falar do noso parque empresarial onde hai pouco puxeronse á venda das 35 parcelas da súa segunda fase.

Cun prezo de 60 euros por metro cadrado, os pequenos emprasarios da nosa bisbarra poucas posibilidades teñen de poder mercalas e emprender os seus proxectos ou desenvolvemento no polígono industrial. Tampouco creo que esta cantidade monetaria resulte atractiva para que firmas da fora se instalen na zona. Hai que pensar que estamos vivindo un momento malo, en canto aos nosos ingresos, e que é precisamente agora cando podía haber as rebaixas nestas parcelas para que todos tiveramos a oportunidade de acceder a elas e contribuír ao fortalecemento e desenrolo empresarial da nosa comarca.

MYH NOR
MORTEROS Y HORMIGONES

CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, porc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

O vicepresidente do organismo provincial visitou a vila para presentar o Plan de cooperación

A Deputación destina dous millóns de euros para melloras na comarca

Dos 775.000 euros concedidos a Melide, unha gran partida orzamentaria investirase no acondicionamento da área recreativa de Furelos



O vicepresidente da Deputación da Coruña, Pablo Villamar, visitou oficialmente o Concello para informar sobre o contido do Plan de Cooperación cos Concellos (PPC), promovido polo organismo provincial. Con esta iniciativa 83 concellos da provincia da Coruña, de menos de 20.000 habitantes, recibirán achegas para actuacións de saneamento, abastecemento de augas e mellora das comunicacións viais.

A axuda do PPC para a Comarca Terra de Melide ascende a preto de dous millóns de euros que se distribuirán entre os catro municipios que conforman a bisbarra. Para

repartir a cantidade concedida pola deputación entre tódolos concellos seguíuse unha serie de criterios determinantes: índice de poboación, número de parroquias, esforzo fiscal e superficie do municipio. Deste xeito, e atendendo a este baremo, Melide percibirá un total de 775.000 euros.

A partida deste orzamento máis grande empregárase na mellora da área recreativa de río Furelos como é a súa recuperación integral. Precisamente ata este espazo trasladouse Pablo villamar, xunto con membros do executivo local e da oposición,

para comprobar in situ este lugar obxecto de parte dos fondos cedidos polo seu organismo.

O equipo do goberno priorizará tamén, con esta subvención, a creación de redes de abastecemento e auga para as parroquias melidenses.

Estas axudas da Deputación estipulan unha achega das entidades locais en función da súa dimensión poboacional. Así Melide deberá aportar un 10 % da súa subvención mentres que Toques, Santiso e Sobrado achegarán un 5% por mor de teren menos de 5.000 habitantes

Aprobación dun proxecto de saneamento para San Martiño das Varelas

A corporación municipal aprobou nun pleno, a finais do mes, e por unanimidade de tódolos grupos políticos, o proxecto de saneamento en San Martiño das Varelas. A instalación deste servizo básico nesta parroquia consistirá nunha rede de colectores para a recollida de augas negras nos núcleos de San Martiño de Abaixo e de Arriba.

A Consellería de Medio Ambiente investirá nesta mellora máis de 578.000 euros, sendo o seu prazo de execución de seis meses. Esta nova obra enmárcase dentro da liña de actuacións de saneamento que o goberno local esta a desenrolar en diferentes zonas do municipio. As últimas melloras neste eido afectaron ás rúas do casco urbano: Camiño Real e Juan Somoza, que tiveron un orzamento de 30.000 euros achegados integramente polo Concello.

Cesión do xeriátrico

Nesta sesión plenaria, de carácter

extraordinario, outros dos puntos da orde día a tratar era a cesión, ao consorcio de Benestar e Igualdade, da residencia da terceira idade para destinar a súa pranta baixa á creación dun centro de día. Nembargantes pola falta imprevista dun dos concelleros do BNG, cuio voto era imprescindible para a aprobación por maioría absoluta, deixouse o tema sobre a mesa e a súa análise para outro pleno.

De chegar a celebrarse o posicionamento do partido da oposición estaba claro xa que o PP expresará mediante un comunicado a súa absoluta negativa á cesión. A través do mesmo, a voceira dos populares, Ánxeles Vázquez, asegura que *a residencia construíuse para ser residencia, os proxectos están redactados para tal fin e se agora ubican o centro de día na mesma non se cumpriría a lexislación vivente e literalmente cargaríanse a residencia xa que hai que adaptala a este novo servizo.*

O edificio do Museo Terra de Melide acollerá a oficina municipal de turismo

O Museo Terra de Melide albergará nas súas instalacións a oficina municipal de turismo. As portas de esta nova infraestrutura da vila abriránse, por primeira vez, este verán co obxectivo de ofrecer ao colectivo turístico unha información ampla e actualizada da vila.

Así, os visitantes e os milleiros de peregrinos, que a cotío pasan pola localidade, disporán cun punto onde atopar todo aquilo que precisen coñecer sobre Melide. Esta oficina contará, ademais da dotación da última tecnoloxía en informática, con material promocional do municipio como un mapa gastronómico onde se recolleran os principais produtos culinarios da vila como son, por exemplo, os melindres. Pero, ademais, o turista terá a súa disposición un folleto informativo



multilingue sobre a zona de Melide que estará escrito nos idiomas de castelán, galego, inglés francés e portugués. A elaboración desta carta permitirá que non haia barreiras pola lingua no intre de coñecer a riqueza patrimonial, lugares de interese ou outros eidos da vila.

A consecución desta oficina de información débese grazas ao Plan de Mellora e Calidade Turística de Portodemouros,

denominado *Terras de Ulla e Tambre*, que vén a ser un convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e a Deputación da Coruña. Todas as actuacións derivadas deste acordo centránse na necesidade de poñer en valor o patrimonio, cultura e gastronomía dos once Concellos do interior de Galiza acollidos neste plan.

Esta posta en funcionamento de puntos de información ao turista en tódolos municipios afectados (como Arzúa, Boimorto, Santiso, Toques, Sobrado, Pino, Touro, Boqueixón, Vedra ou Vilasantar) foi presentado no concello de Melide nun acto no que estiveron presentes a rexedora da vila, Socorro Cea, o delegado de Industria, Luis Barcia, e mailo vicepresidente da Deputación da Coruña, Pablo Villamar.

Promóvese na comarca un plano pioneiro de normalización da lingua

Os Concellos de Melide, Toques e Santiso promoverán un novo Plano de Normalización Lingüística da comarca coa principal finalidade de incrementar a visibilidade da lingua galega nos eidos onde menos abonda así como normalizar o uso do idioma en tódolos ambitos da cidadanía da bisbarra de Terra de Melide.

Os primeiros pasos na creación desta iniciativa pioneira consistirán no establecemento de políticas comúns, a detección das necesidades e propostas de actuacións concretas respecto ao idioma nos tres municipios. Este plan innovador conta tamén coa implicación da comunidade educativa xa que tódolos centros de primaria e secundaria da bisbarra incorporarán ao nacemento desta ferramenta para impulsar o galego.

A presentación deste novidoso plano da lingua galega, no Multisusos da vila, correu a cargo de Mercedes Queixas Zas, coordinadora dos Servizos de Normalización da lingüística, e contou coa presenza da alcaldesa de Melide, Socorro Cea e os rexedores de Toques e Santiso, Miguel Buján e Ovidio Leyva. Ao acto tamén asistiron numerosos colectivos vencellados a este proxecto como o docente do IES melidense, Paco Veiga, que acudiu en representación do eido educativo e que desenrola unha gran labor para dar a coñecer a identidade dos galegofalantes a través do xogos populares e tradicionais de Galiza.

O executivo local de Melide está moi comprometido co fomento da nosa lingua é proba delo e a creación, por primeira vez, dunha concellería adicada ao idioma.

O Padroado da Fundación Comarcal Terra de Melide pendente da súa continuidade como entidade

A Fundación deberá decidir antes de finalizar o ano o seu funcionamento ou disolución ante a comunicación da Delegada do Rural de non seguir co seu financiamento

O Padroado da Fundación Comarcal Terra de Melide continuará funcionando mentres non adopten a decisión de continuar ou disolverse antes de que remate o ano. O futuro da súa continuidade dependerá do acordo ao que chegen os seus integrantes: o Concello de Melide, Toques, Santiso e Sobrado dos Monxes, amáis doutras entidades privadas que conforman a Fundación.

Esta determinación acadouse na xuntanza ordinaria que celebrou a entidade na vila, que ademáis de aprobar as suas contas anuais e a memoria de actividades do 2007, tratou o informe da Presidencia do Padroado relativo ao anteproxecto de lei da Xunta polo que se modificarán as xestións destes organismos comarcais. No acto reuníronse a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, os seus homólogos de Santiso, Ovidio Leyva, e de Sobrado, Jacobo Fernández, así como o presidente de ASETEM-CCA, José Antonio

Rodríguez Álvarez, e a xerente da Fundación, Dolores Rodríguez. No mesmo evento estivo presente a delegada da Consellería do Medio Rural, Olga García, quen foi a que informou aos presentes do anteproxecto.

A representante do departamento autonómico do Rural comunicoulles aos membros do Padroado a intención do actual goberno da Xunta de Galiza de non seguir financiando estas entidades comarcais ao 100%, como era costume dende a creación destas. Segundo a delegada, as 34 fundacións que existen na actualidade, non cumpren os obxectivos nin a finalidade que se agardaba nun principio delas. Como razóns para consolidar estas afirmacións criticou os poucos resultados que aportaban a maioría para o desenvolvemento comarcal e o elevado custo económico que representaban para a Consellería.

Olga García explicoulles que, ante esta situación, a Xunta barallou a opción da súa dis-



Representantes da Fundación coa delegada de Medio Rural

lución, algo que ata o presente non se puido levar a cabo por impedimentos xurídicos. Tamén lles informou dos pasos a seguir para a súa disolución: primeiro o seu tratamento no Consello da Xunta para posteriormente consultar, o acordado neste, a cada padroado para que sexan os seus membros os que ultimen o futuro da Fundación. García tamén aclarou que no caso de optar por continuar, tanto os concellos como as entidades privadas, deberán asumir, a partes iguais, a súa autofinanciación.

O Padroado melidense consta dun orzamento anual de preto de 65.000 euros. Gastos que

destináanse, maioritariamente, ao soldo da xerente, ao vehículo empregado para os desprazamentos, ao aluguer do piso que acolle a Fundación así como o mantemento deste. Na xuntanza ningún dos rexedores municipais se manifestou pero, a raíz da reunión que mantiveron en decembro, despréndese que ningún Concello ten interese en sufragar o elevado custo que supón a permanencia desta institución. De feito na acta daquel encontro, e aprobada agora polos membros do Padroado, podese ler: *Os alcaldes manifestan a falta de iniciativas importantes levadas a cabo pola fundación dende a súa constitución.*

O PP critica a falta dun helipuerto e o remate da Casa da Cultura

A agrupación popular de Melide critica que o actual goberno, despois dun ano de mandato, aínda non levara a cabo algunhas das obras xa aprobadas e presupostadas pola anterior rexedora da vila, Ánxeles Vázquez. En concreto fai mención a dúas das actuacións, que segundo fontes do PP *son de grande necesidade para o pobo*, como son o Helipuerto no Centro de Saúde e o remate da Casa da Cultura.

Respecto ao proxecto da parcela destinada para a pista dun helicóptero do 061, que translade os enfermos graves ata Santiago, o partido da oposición insta *á urxencia da obra polo ben da saúde das persoas*. Esta mellora íase construír nunha zona, ubicada na parte traseira do ambulatorio, que na actualidade atopáse *descoidada e con herbas de medio metro*.

Por outra banda, no que abranque ao remate da Casa Cultural, ou Centro Socio-Cultural, os populares lembran que este *proxecto foi aprobado por unanimidade nun pleno* presidido pola antiga alcaldesa á vez que consideran que a súa finalización é de gran necesidade para acoller unha gran sala de exposicións.

Cedéanse terreos de titularidade municipal para a construción dunha Galaescola

No pleno ordinario de Melide, correspondente ao mes de xuño, apobouse, cos votos a favor do executivo local, BNG-PSOE, e a abstención do grupo popular, a cesión definitiva dunha parcela de titularidade municipal para a creación dunha Galaescola na vila. O Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, dependente da Vicepresidencia da Xunta, será beneficiario desta cesión por un período de vinte e cinco anos. Esta entidade construíra esta infraestrutura educativa nun terreo cunha superficie de 1.350 metros cadrados e que se atopa nas aforas do centro da vila, na estrada de Lalín.

Con esta Galaescola preto de sesenta nenos, cunha idades com-

prendidas entre 0 e 3 anos, poderán recibir unha educación infantil baseada soamente no idioma galego.

Suba da auga

Na sesión plenaria tamén tivo lugar a probación - cos votos en contra do PP- dunha suba na taxa de auga dun trece por cento. Esta decisión, que afecta ao suministro de auga, resposta a súa actualización conforme ao IPC xa que dende o 2004 a tarifa estaba estancada. Así os habitantes da localidade terán que abonar a partir de agora un euro máis no seu recibo da auga trimestral.

Veciños das VPO

O único acordo que acaprou a

unanimidade de tódolos grupos da corporación municipal foi o vencellado aos veciños en aluguer das vivendas sociais de poder acceder a mercar os pisos.

Dende o Concello solicitará á Consellería de Vivenda e Solo que se lles volte a aplicar os criterios que recollían o anterior decreto autonómico.

Así resolveráse o problema que xurdíu, cando o día seguinte de acceder aos pisos promocionais, o departamento autonómico publicou unha nova normativa pola que os inquilinos terían que agardar dez anos para poder acceder ao réxime de compra. Coa imposición outra vez do antigo decreto o período de tempo para adquirir a vivenda será moito máis curto.

Galiza Central aposta polos programas de agricultura ecolóxica e ecoturismo

Os concellos que integran a asociación *Galiza Central* (Melide, Monforte, Lalín e O Carballiño) acordaron, na súa xuntanza na capital do Deza, solicitar a súa incorporación ao programa Interreg IV-B, cuio principal obxectivo é a reactivación económica mediante o fomento da agricultura ecolóxica e o ecoturismo. Ademáis esta actividade persigue a mellora da competitividade do territorio a través da cooperación intermunicipal e o fortalecemento da súa identidade local e cultural. O proxecto que esta asociación de concellos do interior galego presentará ao Programa Interreg leva a denominación de *Coop-Terrois: Territorios rurais en cooperación pola eco-excelencia*. Esta iniciativa desenrolaráse en

colaboración coa entidade portuguesa *Douro Alliance*, formada polos municipios lusos de Vila Real, Peso de Régua e Lamego, así como a francesa *Aix les Termes*. O proxecto contará cunha duración de dous anos e un orzamento que ascende a máis de 850.000 euros.

Este plan de *Galiza Central* contempla a creación dunha rede de operadores centrada en dous eixos: prestar especial atención á potenciación dos produtos alimentarios locais destacados pola súa calidade ou carácter artesanal, e pór en marcha accións comerciais e de distribución conxunta dos mesmos. No caso de Melide a súa repostería tradicional serán a base estrela para a súa potenciación no panorama internacional de Europa.

O estudo do trazado polo municipio xa esta no Ministerio de Ambiente A Plataforma Autovía por Melide reúnese con Quintana para pedir o apoio da Xunta

Os membros da Plataforma da Autovía entrevistáronse co Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, para solicitarlle que o trazado da vía de alta capacidade, Lugo - Santiago, transcorra polo municipio. Na xuntanza tamén estiveron presentes os alcaldes da comarca ofrecendo o seu apoio institucional ao colectivo da Plataforma.

Durante a reunión, Quintana comprometeuse, en nome do goberno galego, a buscar unha solución rápida na definición deste tramo, que é o único que falta por trazar na construción desta infraestrutura viaria da A-54. Os representantes da Autovía por Melide aproveitaron esta ocasión para instarlle ao Vicepresidente que a Xunta esixirá o Ministerio de fomento a dotación dos orzamentos presupostarios axeitados, alegando que a bisbarra levaba máis de trinta anos sin ver un céntimo en investimentos nas súas



Unico tramo construído da A-54 ao carón da cidade de Santiago

infraestructuras viarias, segundo declarou o voceiro da Plataforma, David Barrio Sexto.

Problema este que está a afectar a toda zona do interior da comunidade galega.

Estudo en Madrid

A memoria que o Concello recibira do Ministerio de Medio Ambiente, para elaborar un estudo detallado da zona de Melide, xa foi remitido a este organismo estatal, o cal unha vez analizado o informe o trasladará ao

Ministerio de Fomento quen será o encargado de sentenar por onde discunirá este trazado aínda sin definir.

Pola súa banda, o grupo popular melidense tamén instou á Deputación de A Coruña a que o tramo se executará o máis preto posible da vila e se posicionará a favor da defensa deste trazado. A deputada popular, Ánxeles Vázquez, pediu a este organismo provincial que realizase outro estudo complementario ao do Concello sobre a Serra do Careón

Vivenda saca á venda as parcelas da segunda fase do parque empresarial melidense

A Consellería de Vivenda abreu o prazo, en xuño e ata o vindeiro luns 14 de xullo, para a compravenda das 35 parcelas da segunda fase do Parque Empresarial do municipio.

A encargada da urbanización e xestión desta segunda fase do polígono industrial, a sociedade Xestur, dotou con esta edificación á Madanela con 67.507 metros cadrados máis, dos cales preto de 58.000 serán destinados exclusivamente a uso empresarial.


Das 39 parcelas desta segunda fase, catro foron cedidas ao Concello e as restantes, cunha superficie métrica que vai dende os 652 ata 3.252, teñen fixado un prezo de 60 euros por metro cadrado. Deste xeito, os valores correspondentes abranguen entre os 39.120 euros a máis pequena ata os 195.180 do custo da de maior tamaño.

Con esta nova actuación o par-

que empresarial melidense consta cunha superficie total de 142.513 metros cadrados, distribuídos nun total de 74 parcelas.

Para o Concello, este anuncio da venda das novas trinta e cinco parcelas supón un paso importante par a implantación de novas empresas así como da ampliación das instalacións de moitas das xa ubicadas na Madanela.

Ademáis, o polígono industrial resultou seleccionado pola Consellería de Innovación e Industria para a dotación de redes de telecomunicacións sen fios de acceso á internet de banda longa. Os interesados en adquirir algunha destas parcelas poden consultar as bases do concurso de compravenda nas oficinas de Xestur, na Coruña, no teléfono de información 981-151464 ou ben na páxina web da Consellería de Vivenda, antes do 14 de xullo, prazo no que remata a solicitude das mesmas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO




MELIDE
PARQUE EMPRESARIAL
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

APERTURA DO PRAZO DE COMPRAVENDA DE PARCELAS. Do 13 de xuño ao 14 de xullo

Superficies

● P-54 1.009 m ²	● P-88 1.060 m ²
● P-55 2.791 m ²	● P-89 1.194 m ²
● P-56 3.253 m ²	● P-90 1.141 m ²
● P-58 1.442 m ²	● P-91 1.121 m ²
● P-59 1.228 m ²	● P-92 948 m ²
● P-60 1.657 m ²	● P-93 1.009 m ²
● P-61 1.080 m ²	● P-94 1.462 m ²
● P-62 1.090 m ²	● P-95 1.567 m ²
● P-63 1.090 m ²	● P-96 1.848 m ²
● P-64 1.090 m ²	● P-97 1.375 m ²
● P-65 1.089 m ²	● P-98 1.387 m ²
● P-66 1.080 m ²	● P-99 1.262 m ²
● P-67 1.080 m ²	● P-100 652 m ²
● P-68 1.082 m ²	● P-101 1.138 m ²
● P-69 1.049 m ²	● P-102 1.377 m ²
● P-70 1.080 m ²	● P-103 1.364 m ²
● P-71 1.080 m ²	● P-104 1.262 m ²
● P-72 1.080 m ²	● P-105 1.096 m ²



Para máis información:



XESTUR CORUÑA
Ronda de Nelle, 12-Bis - 15005 - A Coruña
Teléfono: 981 151 464

www.conselleriavivenda.xunta.es

A vila fica este ano sin dúas das súas xoias máis emblemáticas, as medallas e a coroa

O PP en desacordo de que por primeira vez deixense de celebrar dous dos acontecementos máis arraigados en Melide: as medallas de San Pedro e o certame Miss Galicia Terceira Idade

O grupo popular municipal vén de criticar que o actual equipo de goberno, BNG-PSOE, da vila non conmemorase dous dos actos máis representativos da localidade e que dende hai tempo eran agardados por estas datas, polos veciños e visitantes, para a súa celebración.

A falta de organización de actividades por parte dos responsables do Concello, en estes días tan sinalados no calendario, fixo que os populares convidasen ao executivo á *recapacitación*

San Pedro: o desconcerto

Hai nove anos que xa era tradicional conceder, na xomada festiva do Patrón da vila, a Medalla de Melide a algúnha persoa ou entidade en recoñecemento da súa labor nalgunha faceta da localidade. Así, en varias das edicións anteriores distinguíuse con este mérito á Protección civil, a



Foto do Certame Miss Galicia Terceira Idade do ano 2006
Melisanto, Cáritas, á Coral Polifónica ou ao párroco, D. Antonio Mourelle, entre outros. Para esta cita, o grupo popular, encabezado pola deputada Ánxeles Vázquez, propuxo un mes antes que esta honra se lle outorgará ao grupo *Froito Novo* pola súa gran traxectoria no eido de dar a coñecer a nosa cultura musical por todo o mundo. Nembargantes, o grupo de goberno foi incapaz de porse en acordo, segundo un comunicado do PP. Deste xeito, cada un deles fixo distintas propostas para levar a pleno: o BNG ao Museo Terra de Melide e o PSOE, a Xosé Domingos Fuciños. O desconcerto para os populares xurde cando *sin nin siquiera consultarnos a alcaldesa, Socorro Cea, decide suspender o acto*. O que lles resul-

chegou a data da festividade e Melide poido festexar o día do seu santo grazas á iniciativa propia da Igrexa Parroquial e da Asociación Cultural Terra de Melide que organizaron un programa de actividades para o serán.

Miss Galicia: o cese

Tamén por esta época estival, e perantes dezasete anos, viñase celebrando na capital da comarca un acontecemento, a nivel de toda a Comunidade Autónoma, que era un reclamo turístico para o municipio. Tratabábase do Certame de Miss Galicia Terceira Idade no que durante un domingo persoas maiores, procedentes de diferentes localidades de toda Galiza, xuntábanse para desfutar dunha festa única e dun concurso de beleza da terceira idade.

No tocante a este tema, a agrupación popular critica ao bipartito *porque deixaron de organizalo*. Esta situación acarrea, segundo o PP, a que *acolla a patente outro concello debido a deixadez que cos maiores está a ter o actual equipo de goberno*, e ademais *están deixando que eventos deste tipo os acapare outros municipios e unha vez máis Melide retroceda e deixe de ser pioneiro*.

IV Encontro de Voluntariado do Proxecto Ríos en Melide

O edificio do Multiusos Acolleu o IV Encontro do Voluntariado Ambiental do *Proxecto Ríos*, organizado por ADEGA e contando coa colaboración do Concello de Melide. Este ano a institución escolleu o municipio para celebrar este evento en recoñecemento á labor que dende Melide se está a facer na conservación dos ecosistemas fluviais. O encontro comezou pola mañá coa presentación do acto por parte da coordinadora deste proxecto, Virginia Rodríguez. A continuación, Sivia Gili, ofreceu unha conferencia na que debullou a adopción dos ecosistemas fluviais. Na acto a Asociación deportiva Ponte Mazaira aproveitou para presentar o primeiro estudo biolóxico do coto de pesca do Río Furelos da localidade. Tamén houbo oco para a proxección de varios documentais entre eles o do colectivo de troiteiros melidense sobre o desastre do Río Catasol e as súas III xomadas de limpeza.

No mediodía tivo lugar un xantar popular na área recreativa de Furelos e xa pola tarde realizouse un roiteiro polo río Arneiro.

Asociación Troiteiros Río Furelos renova como entidade colaboradora de Medio ambiente

A Asociación de Troiteiros renovou o convenio, que xa hai tres anos asinara coa Consellería de Medio Ambiente, como entidade colaboradora deste departamento autonómico. Esta nova colaboración entre o colectivo de pesca melidense e Medio Ambiente será por un período trianual, podendo a partir desta data prorrogarse anualmente.

Co esta renovación Troiteiros de Río Furelos seguerá a axudar coas súas actividades a manter a riqueza piscícola e a mellorar a calidade das augas da rede fluvial da bisbarra.

Máis lampreas

Por outra banda, e sin recibir aínda ningunha nova do estudo da Universidade de Santiago de

porqué están a aparecer lampreas no encoro de Portodemouros e os seus arredores, neste mes de xuño aconteceron novos descubrimentos de pezas desta especie subacuática.

Segundo informou a Asociación de Troiteiros Río Furelos, un pescador capturou no río Ulla, no lugar de Ponte Arcediago, unha troita que presentaba nun dos seus costados unha fonda ferida provocada pola succión dunha lamprea.

Días despois tamén lle foi comunicado ao colectivo de pesca melidense que o troiteiro, Iván Varela, remataba de atrapar outra troita coa pegada deste peixe no cauce fluvial do Furelos ao seu paso por Vrán, no Concello de Santiso.

Instálase un ascensor na Casa do Concello para eliminar barreiras arquitectónicas

O edificio do Concello conta dende hai pouco cunha nova instalación no seu interior: un ascensor.

Coa dotación desta infraestrutura persoas con problemas de mobilidade, maiores, veciños en cadeiras de rodas ou nais con carros de bebés poderán acceder á pranta superior da Casa do Concello sin ter que empregar as escaleiras. Este servizo foi calificado pola rexedora melidense, Socorro Cea, como *básico para que tódolos veciños poidan vir a facer as súas xestións ao Concello*. E é que no segundo piso do Consistorio atopáanse, precisamente, tódalas oficinas administrativas para atender as demandas dos cidadáns do municipio.



Esta nova actuación poido realizarse grazas a unha subvención da Deputación da Coruña incluída no seu Plan Especial de Eliminación de Barreiras. A achega do organismo provincial, que se materializou nun importe de 25.900 euros, xunto coa posterior aprobación da xunta do goberno local do certificado de fin de obra, permitirá a posta en funcionamento do ascensor en breve.

Novo portal web do municipio

O Concello de Melide estreou nova páxina web tanto a nivel visual como de contidos. Este portal da internet, que sustitú ao anterior, conta no seu menú con sete enlaces e servirá como escaparate promocional dos recursos turísticos da localidade.

Ademais, a través do mesmo, os veciños poderán consultar, entre outras cousas, ofertas de emprego, avisos ou trámites habituais do propio Concello. A grande innovación desta páxina web é a creación dun apartado específico, *O perfil do contrante*, onde se publicarán tódas aquelas convocatorias de concursos públicos e licitacións que promova o goberno local. Este portal é a parte visible dun xestor de contidos elaborados polo Concello para a implantación da administración electrónica.



DESCUBRE O TEU PAÍS

Telf.: 902 33 20 10 www.xacobeo.es

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



FACENDO CAMIÑO

 **xacobeo**

Manuel Tajés achegouse á parroquia de Santiso para dar a coñecer o estado das demandas que lle fixeron os veciños en xaneiro

O delegado de Ambiente volta a visitar Visantoña para informar de cómo van os trámites no seu departamento

Tajes aproveitou a súa estancia na localidade para ver cómo foron os traballos do local social e do campo da festa

O delegado provincial de Medio Ambiente voltou a achegarse a Visantoña para informar aos veciños da Asociación cultural *O noso Lar* de cómo ían os trámites das solicitudes que a entidade local lle trasladará na súa última visita á parroquia.

Tajes acudira xa ao lugar, no mes de xaneiro, para interesarse polas demandas que o colectivo veciñal quería solicitarlle. Naquela xuntanza o titular comprometérase a revisar persoalmente todas as inqedanzas que lle foron transmitidas.

Agora no mes de xuño o delegado de ambiente informoulles sobre a situación das súas demandas e entregoulles persoalmente a documenta-

ción necesaria para redactar os seus estatutos coa finalidade de constituírse oficialmente con asociación veciñal. Asemesmo explicoulles as achegas ás que se podían acoller para cumprir parte das expectativas do colectivo e confirmoulles que ían recibir unha axuda para a sinalización dos elementos patrimoniais e naturais así como os roiteiros.

Local social e campo da festa

O titular provincial amosu a súa satisfacción do estado actual do local social respecto a última vez que o vira in situ. Hoxe en día está caseque rematado no traballo de carpintería, enlosado do chán, dotación de novas fiestras e portas e cun sistema de electricidade en pleno funcionamento, entre outras cousas.

Tajes tamén se achegou ata o campo da festa, onde os habi-



O delegado provincial de medio ambiente cós veciños no campo da festa tantes da parroquia realizaron un arduo traballo, para comprobar cómo se atopaba na actualidade. Na súa última visita este era un entorno co seu solo cheo de pedras e de pouco atractivo paisaxístico, nembargantes agora transformouse nun área cunha gran variedade de árbores, un amplo campo de herba e coa dotación dun merendeiro para o lecer dos habitantes e visitantes de Visantoña.



Tajes amosando os documentos

A Xunta decide non aprobar o PXOM de Sobrado

A Conselleira de Política Territorial, María José Caride, resolveu non otorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordeación Municipal (PXOM) ao detectar erros no documento que lle enviou o Concello. O goberno local do municipio deberá realizar unha serie de correccións e voltar a remitir o plan ao departamento autonómico da Xunta.

A resolución de Política territorial detectou fallos no informe como a *desproporción* que figura entre os desenvolvementos urbanísticos previstos no plan e o crecemento real que experimenta Sobrado dos Monxes. Outro dos aspectos que obriga a corrixir o departamento son os erros na clasificación dos distintos tipos de solo. Finalmente, requírese ao Concello a que incorpore ao plan as condicións establecidas no informe de inviolabilidade ambiental emitido pola Consellería de Medio Ambiente.

Santiso; un contorno belo e castigado

Marcos L. Rúa (activista ambiental)

En Galiza podemos dicir que non temos nada que envexar a outras Comunidades Autónomas no que a patrimonio natural se refire: carballeiras centenarias, sobreiras, soutos... Son algunhas das nosas árbores frondosas nas que parecen estar cheas de fadas e seres mitolóxicos, pero son outros seres máis reais, para nós os que vivimos aquí, como un sinfín de animais que comparten connosco habitat como o astuto raposo, ollando aso coellos que pacen nas frescas herbas, os xabarís que se poñen fartos de de raíces e castañas, o miñado apostado nunha rama do piñeiro para lanzarse cara abaixo e darlle caza a un dos nosos saurios: o lagarto ocelado; tamén o esquío, animalito curioso e tolo polas semillas e demais froitos secos, o *Cu, cu, cu* tan característico das nosas avoas, e o *toc-toc* do picoteo dos páxaros carpinteiros, non sei, son tantos os seres vivos que mencionar, que sería imposible de nomear nesta misiva.

No Concello de Santiso hai moita da flora e fauna mencionada anteriormente e máis que forma parte da autoctonía do noso país, e como galegos teríamos que ser os gardiáns deste gran patrimonio. Nembargantes, hai outra xente que non o ve deste xeito, algúns dos nosos veciños dedicáanse a agredir a nosa paixase de feitos diferentes.

E eu, como galego e ecoloxista, considero que temos que denunciar todo aquilo que dalgún xeito ameaza e agrede á nosa natureza, de feito a mín gustárame facelo dende este espazo do xornal, neste medio de comunicación que a tantas persoas chega, e como lector sintírame satisfeito de que se levase a cabo esta demanda.

Xa hai tempo que fixen algunhas denuncias no Concello de Santiso porque estase a acometer feitos que atentan contra o medio ambiente: algúns queren transformar os montes en vertedoiros ilegais. Isto pode observarse preto do río Ribadulla, xa na aldea de Pezobre, onde se poden atopar residuos que, persoas carentes de conciencia ambiental, arroxaron en troque de depositalos en sitios onde o concello habilitou para tal finalidade.

Aínda así, neveiras, lavadoiras, sófas e outros lixos de grandes dimensións, seguen, a día de hoxe, contaminando o ambiente logo de haber interposto eu mesmo denuncias ao actual e anterior equipo de goberno do Concello a través do Seprona. Pareceme mentira que en pleno século XXI aínda continuemos cos isto, despois de todo o currículo que arrastra o noso país.

Con esta letras quero chamar a atención de toda aquela xente preocupada polo noso contorno e que se anime a seguir denunciando aos agresores da nosa natureza para que as autoridades competentes tomen cartas no asunto e actúen xa en consecuencia.



A entrega de premios dun certame infantil de fotos motivou a visita dos nenos ao Concello

Os escolares de Toques: das aulas a presidir á mesa de plenos do Concello por un día

Baixo o lema Un día na túa vida, a Concellería de Cultura organizou o I concurso fotográfico dirixido aos alumnos do colexio toquense

A casa consistorial de Toques acolleu durante unha xornada unha visita moi especial: a dos escolares do centro educativo infantil do municipio. Así, as instalacións do Concello ategaronse de nenos e nenas que non quixeron perderse ningún detalle do funcionamento interno do seu Concello, ao mesmo tempo que agardaban coñecer os gañadores do I concurso de fotografía municipal.

Esta iniciativa xurdiu dende a Concellería de Cultura, da que é titular Jorge Calvo, que organizou este certame de imaxes dirixido aos alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria. Co nome de *Un día na túa vida*, a finalidade desta actividade era que os escolares non só aprenderan a arte da fotografía senón que tamén se involucrasen plasmando en imaxes unha xornada cotiá do seu entorno familiar.

Con este obxectivo, previamente os alumnos recibiron unha clase sobre a arte da foto-



O Alcalde explicando aos alumnos o funcionamento do organismo grafiado impartida por Rodrigo Vázquez, profesional neste eido.

Vázquez explicoulles a historia deste mundo e informoulles do xeito de obter as mellores tomas ademais das normas básicas de todo experto neste eido. Os escolares tamén poideron saber a, través deste fotografo melidense, que, no ano 1987, cen dos mellores retratistas en imaxes decidiron elaborar un libro titulado *Un día en la vida de España* e que realizaron a mesma tarefa que eles ían desenrolar: fotografar en só 24 horas xeitos de vivires.

Unha vez aprendidas as nocións esenciais, o Concello agasallou aos rapaces con cámaras para retratar no papel

Entrega de premios

O día da entrega dos galardoados deste certame, o Concello quixo que os cativos coñeceran o funcionamento de tódalas intalacións que



Nenos observando os paneis coas fotografías



O salón de Plenos convirtiuse nunha sesión plenaria de cativos

alberga o edificio. O alcalde de Toques, Miguel Buján, convirtiuse no anfitrión que lles explicou o sistema das infraestruturas e lles presentou aos traballadores da Casa Consistorial.

A continuación os alumnos do colexio público do municipio celebraron unha sesión plenaria no Salón de Plenos na que amosaron, que a pesares da súa curta idade, posuían dotes de liderazgo político. Na estancia estaban presentes, ademais do rexedor, o tenente alcalde,

Manuel Ferro, o resto dos concelleiros que conforman o actual goberno e as mestras dos cativos.

Este gran día rematou dando a coñecer o nome dos premiados deste I concurso fotográfico. O gañador foi Adrián Varela García; no segundo posto quedou Celtia Buján Pazos; o terceiro foi Xesús Ángel Castro Varela e o cuarto, Brais Prado. Os visitantes poideron contemplar de preto as fotografías tomadas polos escolares que se expuseron nunha mostra.



Os escolares coñeceron todo o Concello

O Concello de Toques proxecta habilitar as antigas escolas das parroquias municipais en centros de actividades culturais

Ante o desuso en que caeron, no que en antaño foron as vellas escolas parroquiais, o Concello tenta voltar a darlles *vida* habilitandoos como centros onde os veciños poidan desenrolar numerosas actividades culturais, achegandolles deste xeito ao rural novos xeitos de entretemento.

Dende a Concellería de Cultura promoveuse esta iniciativa para comprobar o interese cultural dos veciños e o lugar elixido para experimentar este novidoso proxecto foi o antigo edificio escolar de Brañas. Nas estancias deste local levan tempo impartíndose clases de alfabetización para os

máis maiores do lugar, onde preto de dez alumnos, asisten as clases dúas veces á semana. No curso os veciños aprenden a mellorar a súa escritura e lectura. Si este plan ten éxito, o Concello estenderá ao resto de escolas de todo o municipio programas de actividades culturais como diferentes cursiños, charlas de interese sanitario ou económico, asesoramento no manexo de novas tecnoloxías como a televisión, o móbil ou a informática, entre outras.

O Concellerío de Cultura, Jorge Calvo, asegura que *non só se tenta dar protagonismo o eido da cultura senón tamén trans-*



Alumnas na antiga escola de Brañas

fomar estes locais rurais en un sitio de encontro e lecer para as persoas de tódalas idades. Calvo tamén afirma que con esta iniciativa *fomentárase o inter-*

cambio xeracional ensinando os máis maiores as súas habilidades aos xóvenes e viceversa.

Así as persoas con máis idade poderán amosar á xuventude

como fan as súas labores de tecer, por exemplo, e a xuventude aportaralles a eles os seus coñecementos sobre eidos máis acordes a sociedade actual na que viven.

Recuperar a cultura máis tradicional e enxebre do noso país permitirá que os veciños tamén poidan gozar de bailes típicos de galiza, xogos populares ou dos contacontos tradicionais.

Neste último apartado as historias, que pasaron oralmente de xeración a xeración, recopilaránse por escrito nun libro para que todos os habitantes do municipio poidan coñecer os vellos relatos que saben os máis maiores, e que xa lles contarán os seus ancestros, sobre acontecementos que están venvellados a historia máis antiga de Toques.

ASETEM-CCA celebrou a súa cea anual de socios con convidados especiais do mundo da arte e autoridades

A Asociación de empresarios Terra de Melide premiou a catro das súas entidades e homenaxeou á serie televisiva *Libro de familia* pola súa divulgación do nome da vila polo panorama televisivo internacional

ASETEM-CCA celebrou o hotel Carlos 96, o pasado 20 de xuño, a súa cea de anual de socios. Un acto de confraternidade que o colectivo vén realizando dende hai varios anos e a que asistiron máis de 120 asociados.

Nesta cita do 2008 contouse coa presenza do Conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, e outras autoridades como o presidente de Autónomos de Galicia, Paulino Franco, e o seu homólogo da Federación de Comercio da Coruña, Miguel Agromayor. Pola banda da representación institucional da comarca estiveron presentes no convite a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, e o rexedor de Toques, Miguel Buján.

Para esta ocasión, a asociación de empresarios melidenses convidou ao Grupo Correo Gallego, produtor da serie *Libro de familia*, espazo que emite a cadena autonómica nas noites das xornadas dominicais e que están acando un grande éxito nas súas cuotas de share (audiencia). Na súa representación acudiron ao evento o xerente da entidade, Ángel Remesar, a directora de produción serial, Silvia Carnero Fernández, e gran parte dos protagonistas de *Libro de familia* como os actores Celso Parada (Freire), Manuel San Martín (Manuel Cabanas), Diana Nogueira (Deli), Lucía Regueiro (María Cabanas) ou Manuel Fernández (Milucho).

Apertura do acto

A noite escomezou coa recepción das autoridades no hotel Carlos 96, onde nada máis chegar o Conselleiro de Economía asinou no libro de honra da asociación.

Esta cea de confraternidade inaugurouse co tradicional dis-

curso do Presidente de ASE-TEM-CCA, José Antonio Álvarez, para saudar a tódolos convidados. Álvarez adicou unhas verbas de agradecemento aos presentes e amosou a súa satisfacción salientando o grande esforzo e tesón que os socios do colectivo poñen no *traballo de cada día para que o motor económico da nosa comarca sega medrando e consolidando así, con máis firmeza, o noso sector empresarial e comercial*. A continuación o titular do departamento autonómico de Economía tamén efectuou unha disertación na que lou o boquefacer de ASETEM pola súa contribución á *xeración de emprego en Melide e Galicia*.

Os premiados

Nesta cuarta edición dos galardóns ás empresas locais, que dalgún xeito salientaron no seu eido, ASETEM-CCA entregou os recoñecementos a catro das súas firmas asociadas. O primeiro foi para M.L. DOS SL pola súa *Proxección Exterior*; o de *Desenvolvemento Comercial* conceduselle a Manuel Buján e Marmorería Melide SL levou o de *Desenvolvemento Empresarial*. Finalmente, Aceiteiro recibiu o de *Implicación Activa con Asetem* por mor de ser un dos socios máis antigos da asociación ademais de haber sido un dos membros da primeira directiva que tivo o colectivo empresarial.

Recoñecemento especial á serie *Libro de familia*

A Asociación de Empresarios Terra de Melide - Centro Comercial Aberto quixo este ano facer unha homenaxe a esta produción televisiva do Grupo Correo Gallego, e emitida pola TVG, por dar a coñecer audivisualmente á



As autoridades cearon e conversaron durante toda a velada na mesa presidencial



O presidente de ASETEM e a vicepresidenta cos representantes de Libro de familia



José Antonio Álvarez durante o saúdo

vila. Dende hai caseque catro anos a serie está a rodar as súas esceas exteriores no municipio coa participación de veciños como figurantes.



Fernández Antonio asinando no libro de honra

No seu discurso, o presidente de ASETEM-CCA, José Antonio Álvarez, agradeceu a presenza na cea de parte do encleco artístico e directivo á vez que reco-

ñeceu a boa labor que están a facer para contribuír co seu traballo á *divulgación do nome de Melide por todo o panorama internacional*.

Socios premiados na edición do 2008



Premio á empresa con máis *Proxección exterior*: M.L DOS S.I

Nesta cuarta edición da cea de confraternidade o galardón de *Proxección exterior* recalou en M.L. DOS. Esta empresa, asociada ao colectivo empresarial, está adicada ao sector da construción na especialidade de aillamentos de diferentes tipos para fachadas e interiores. O Premio entregouno o Conselleiro de Economía a Jesús Fisteus Regueiro.



Mellor *Desenvolvemento Comercial* para Manuel Buján

O establecemento de cociñas e baños melidense, que leva o mesmo nome que o seu propietario, recibiu nesta cita o premio ao *Desenvolvemento Comercial*. Buján remata hai un mes de mudar o seu local por outro máis grande para atender mellor a demanda da súa clientela. O presidente de ASETEM-CCA foi o encargado de concederlle o recoñecemento.



Marmorería Melide: premio *Desenvolvemento empresarial*

A Alcaldesa do municipio realizou a entrega do galardón de *Desenvolvemento empresarial* do ano 2008 á Marmorería Melide. Esta empresa suministra materiais de mármore, granito e todo tipo de pedra tanto a particulares como a industrias para a decoración das súas instalacións. O premio foi recollido por Agustín Sesar Camino, un dos propietarios do negocio.



Premio á *Implicación Activa con ASETEM* para Aceiteiro, S.I.

Antonio Rodríguez Pampín recolleu o premio de *Implicación Activa con ASETEM* de máns do rexedor de Toques. A tenda de ultramarinos Aceiteiro é un dos poucos negocios a antiga usanza que permanecen na vila e é coñecido por varias xeracións de veciños. Ademais Antonio Rodríguez é moi querido polo colectivo empresarial xa que, cando este se fundou no ano 1989, foi vicepresidente da súa primeira directiva.

Entrega de detalles da directiva de ASETEM á serie Libro de familia



O tesoureiro, Avelino Laya, entrega o detalle a Celso Parada, *Freire*



Diana Nogueira, *Deli* en Libro de familia, xunto co vogal Manuel



Jose Valiño, vogal da directiva, con Lucía Regueiro, *María Cabanas* na serie



Manuel San Martín, *Cabanas*, recibe o agasallo de máns da administrativa, Pilar López



O presidente de ASETEM, José Antonio Álvarez, dándolle o recordo a Silvia Carnero, directora de produción da serie



O xerente do Grupo Correo Gallego, Ángel Remesar, con Sonia Valiño, Vicepresidenta da asociación



O secretario, José Ramón Villamor, concedeu o recoñecemento a Manuel Fernández, *Milucho*

Os comensais: preto de 130 convidados



A velada en imaxes: unha noite de actos e festa



O Grupo Correo Gallego, directiva e interpretes de Libro de Familia, conversando durante a cea



O Conselleiro de Economía e Facenda agradeceu a convidación de ASETEM-CCA



Carlos Gulias conducíu, con grande éxito, toda a presentación dos actos



Os actores pasaron de ser protagonistas da serie a ser as estrelas máis solicitadas da noite



A familia Moratov amenizou co seu repertorio de música clásica a velada



O sector da prensa engadiuse á festa. Na foto: Rodrigo de Deztv, Susana do Correo Gallego e Carlos de TVE

Esta xuntanza convocáase anualmente para informar sobre o balance da asociación

A Asociación de Empresarios celebra a súa assemblea xeral de socios

Na reunión presentouse aos asociados a memoria de actividades e contas correspondente ao ano 2007

ASETEM-CCA, Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto, celebrou en xuño a súa assemblea xeral para informar do balance da entidade durante o curso do ano 2007.

A directiva do colectivo empresarial, presidida por José Antonio Rodríguez Álvarez, entregou no acto a memoria onde se detallaban as actividades realizadas, os datos das contas anuais e os obxectivos que teñen previstos para o presente ano.

Do documento desprendeuse que asociación obtén cada vez máis beneficios económicos grazas a implicación e loitan que levan a cabo para desenrolar actividades encamiñadas ao obter o mellor benestar das súas firmas asociadas, á vez que tenten fortalecer ao empresario da bisbarra.

Así entre as iniciativas destaca o esforzo que o colectivo reralizou para poñer en



A directiva de ASETEM-CC durante a assemblea

marcha a tarxeta de fidelización, estilo á travel club, para premiar as compras dos clientes dos negocios que conforman á asociación. Esta entrará a funcionar cara finais de verán logo de ano e medio de trámites para impalntar o seu funcionamento na rúa.

Outros exemplos do traballo constante e intenso que realiza ASETEM- CCA en prol do municipio reflexase en que enta entidade é a única que ata o momento conta, e dende hai catro anos, con dous únicos puntos táctiles de información que se ubican na localide.

Outro proxecto pioneiro, e hoxe xa consolidado con éxito, da Asociación de Empresarios foi a edición do único xornal da comarca no ano 2003, Cerne Terra de Melide dende cuías páxinas ASTEM-CCA informa aos veciños da bisbarra de todas as novas mensuais que están a acontecer no noso entorno. A súa tirada é gratuita para que poida chegar a información aos maiores fogares posibles. E é que o colectivo non só traballa arreo para os seus socios senón que tamén pensa no mellor para os seus veciños da vila.

As rebaixas da tempada estival chegan á comarca

O 21 de xuño chegou o solsticio do verán aos calendarios e con él aproximáse á tempada das rebaixas. Na vila, ASETEM-CCA, distribuíu entre os seus establecementos asociados os carteis, elaborados pola Federación Galega de Comercio da que é integrante a entidade.

Dende A Asociación de Empresarios melidenses quere asesorar aos propietarios dos seus negocios adheridos cunha serie de recomendacións para facilitar a compra de mercadorías a súa clientela.

Un dos consellos refírese a instalación dos carteis das rebaixas que deberán ser perfectamente visibles dende o exterior e nos que deberá constar claramente o período de vixencia destas. En canto a devolución de artigos é a libre opción do dono do negocio pero, aínda así, no caso de non proceder a está, é aconsellable informar ao cliente mediante un cartel xenerico no que figure esta elección.

Respecto a redución dos prezos a de afectar ao menos ao 50% da mercancía total con que conte o local e os artigos rebaxados deberán estar claramente separados



dos que non oestan coa finalidade de non confundir ao usuario.

Na etiquetaxe debe figurar, de xeito ben visible, tanto o prezo orixinal como o descontado nesta tempada. Tamén si o establecemento non admite pago con tarxeta terá que indicalo de xeito que o cliente saiba esta circunstancia.

Por último, non se admiten como obxecto de rebaixas aqueles produtos deteriorados nin tampouco aqueles que non foran postos a venda con anterioridade.

Respecto aos consumidores, ASETEM-CCA recomendálles como algo imprescindible que conserven sempre o ticket da compra, algo fundamental para realizar posteriores reclamacións sobre o artigo mercado.



Si necesitas renovar tus electrodomésticos ven a conocernos

AER ELECTROIMAGEN

Televisores, LCD
Aparatos de Audio
Agua Caliente
Vitrocerámicas

Tenemos:

Cocinas Microondas
Campanas Lavadoras
Hornos Frigoríficos
Lavavajillas Congeladores...

Estamos en:

C/ Lino Sexto, 4 (zona Martagona)
15800 Melide (A Coruña)
Tfno: 981104073- 645541645

HORARIO:

De Martes a Sábado:
Mañanas: 10h- 13.30h
Tardes: 16h- 20.30h
Domingos: 10h- 14h

O San Pedro: o pobo convirtese no soberano da festa na homenaxe aos seu patrón

Ante a falta de iniciativa do Concello de programar actividades para honrar ao patrón da vila a Igrexa Parroquial e a Asociación Cultural Terra de Melide organizaron os actos da festa local

San Pedro, patrón da vila, recibiu a súa festa homenaxe de tódolos anos grazas á Igrexa Parroquial, á agrupación *Axóuxere* e á Asociación Cultural Terra de Melide. Os tres colectivos, co apoio dalgúns veciños, formaron unha alianza para que o santo do municipio non quedase sen a súa conmemoración por mor de que o Concello de Melide non organizou ningunha actividade para este data.

Os actos de celebración trasladáronse ao serán debido a que ese día coincidía coa feira mensual da localidade.

A tarde de festa comezou co pasarrúas do grupo de gaitas e panderetas de *Axóuxere* que paseou a súa música por toda a zona do casco antigo. Seguidamente a Igrexa Parroquial acolheu unha misa solem-

ne na honra de San Pedro e na que os feligreses ateigaron o edificio eclesiástico nun día tan especial para a vila.

Recuperando tradicións

Rematado o acto litúrxico, os veciños despazaronse ata o recinto da Praza das Coles onde se lle rindiu unha emotiva homenaxe ao santo coa recuperación dunha tradición do século XIX, e que se rescata nos oitenta: a barca floral. Encabezando a súa proa atopábase a escultura de San Pedro a quen o párroco municipal, Antonio García Mourelle, na compañía dun grupor de sacerdotes e de centos de melidenses dedicaron un pequeno oficio relixioso. Seguidamente iniciouse a procesión polas rúas do pobo sendo os portadores do santo o grupo de protección civil municipal. Este percorrido finalizou na Praza do Convento cunha actuación de *Axóuxere* que cos sons das súas gaitas quixeron facerlle o seu particular tributo ao Santo.

Unha miniverbena, a cargo da *Discoteca Fundador*, colocou o broche final a esta xornada festiva.



A Praza das Coles acolheu a tradicional barca floral de San Pedro



A agrupación *Axóuxere* iniciando o pasarrúas



Procesión pola rúa de San Pedro



A Concellería de Benestar de Melide organizou unha xornada lúdico-festiva para que os veciños de máis idade pasarán un día de lecer.

O día comezou cun roiteiro que partiu do casco urbano da vila, pasou pola parroquia de Santa María e finalizou na

área recreativa de Furelos, lugar onde se desenrolaría o programa de actividades para o divertimento das persoas da terceira idade.

Durante toda a xornada a xente gozou na participación de xogos tradicionais como o tiro a rá, a petanca, os aros ou



Os maiores comparten unha xornada de lecer no río de Furelos a través dunha chea de xogos e música

o trompo así como das partidas de cartas ou parchís.

Pero tampouco faltou tempo para facer un descanso, neste longo día, cun xantar no que os maiores compartiron anécdotas e conversas.

A festa pechouse cunha sesión musical na que os

veciños bailaron ata ben avanzado o serán. A concelleira de Benestar, Casé Rodríguez, adiantou que esta non foi unha acción aillada senón a primeira dunha serie de propostas para os maiores que incluírán excursións, actividades ao aire libre, iniciativas deportivas e de mellora de saúde. Toda esta programación, que se desenvolvera ata rematar o ano, ten como finalidade fomentar a convivencia e o entretemento entre os veciños de máis idade de Melide.

**Anunciate
no Cerne, o
xornal de
ASETEM e
da túa
comarca**

**Informate dos
atractivos
prezos das
nosas tarifas**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate sen
compromiso**

O literato melidense recibiu na súa terra a distinción como escritor galego do ano pola AELG

Xosé Vázquez Pintor : da palabra escrita ao recoñecemento imperecedouro da súa vila natal

Dende o sete de xuño a biblioteca municipal leva o nome deste artista da pruma e da literatura galega

A pegada e a lembranza do literato Xosé Vázquez Pintor fican impercedoiras en Melide a través dun monólito, unha árbore e a cesión do seu nome á biblioteca municipal. Esta foi a homenaxe particular que lle rindiu a súa vila ao autor. Non podían faltar neste día tan especial de tributo a presenza de membros da AELG, Asociación de Escritores en Lingua Galega, e o agarimo dos veciños melidenses, moitos dos cales compartiron momentos de nenez con Vázquez Pintor.

O autor recibiu no 2008 a distinción da emblemática letra E da AELG, como escritor galego do ano, e o colectivo quixo honrar ao artista na súa terra natal.

Xornada emotiva

O Concello tamén engadiuse a este recoñecemento participando na programación de actos. A xornada iniciouse ao carón de Capela de San Roque onde o escritor lembrou, con emoción, a súa infancia na localidade pero tampouco esqueceu de



O escritor, a rexedora melidense e o presidente da AELG xunto ao monólito

debuxar coas súas palabras, esas que só poden nacer da alma de cadaun, a súa vida na Golada, onde viviu, e en Cangas, onde exerce como docente.

No lugar tivo o privilexio de descubrir un monólito conmemorativo, que dende este día leva impreso un poema escrito polo autor para a ocasión. Todo baixo a atenta mirada de membros da AELG, co seu presidente, Cesáreo Sánchez Iglesias, representantes do executivo local, da oposición e xentes do municipio. A continuación proceduse á prantación simbólica dun buxo, escollido polo propio escritor, por ser *unha árbore de poucas apariencias e moitos resultados* afirmou Vázquez Pintor. Cesáreo Sanchez declarou no acto que *esculpimos na*


cultura como a definiu o propio escritor. Xosé Vázquez Pintor deixou ver nesta xornada que non só é home xeneroso no intre de espallar as súas palabras na súa obra literaria senón tamén o é no seu corazón. Así o amosou cos agasallos, un poema cunha flor, que lles fixo a tódolos presentes na Capela de San Roque e a cesión dos orixinais manuscritos do seu primeiro poemario, *Gándaras*, á biblioteca municipal.



Vázquez Pintor diante da biblioteca municipal

pedra a túa palabra para que fique para as xeracións futuras e prantamos a árbore como símbolo da nosa lingua.

Máis tarde a homenaxe continuou pero en outra ubicación distinta: o Edificio do Multiusos. Neste espazo atopáse a biblioteca municipal, que dende esta data adoptou o seu nome, *a berce dos libros e da*



Veciños saudando ao amigo

Campamentos urbanos de verán para os escolares do municipio

A Concellería de Cultura programou unha inictiva lúdica e didáctica para o verán dirixida aos escolares que xa remataron o colexio como son os campamentos urbanos. Estes estableceronse en dúas quendas segundo as idades dos nenos, así os de 3 a 5 anos participarán nun e noutro integráronse o segmento de idade que vai comprendido entre os 6 e 9.

Dende o 1 de xullo ata mediados de agosto os escolares gozarán dunha ampla oferta de actividades como a aprendizaxe da papiroflexia e a globoflexia, iniciación a informática, teatro, actividades deportivas ou obradoiros temáticos como os de coiro e fotografía. Os xogos, a música, o baile moderno e a aproximación ás danzas do mundo son outras das iniciativas que abranguen a programación destes campamentos e que teñen un horario de mañá.

A Titular do departamento de Cultura do Concello, Conchi Castro, sinalou que con este programa estival tentábase *achegar valores e novos xeitos de aprender aos máis cativos, á vez que se engade tamén o divertimento e a opción de pasar un verán dinámico e diferente.*

O Conservatorio pecha as portas do seu ano académico con concertos dos seus alumnos

Os alumnos do conservatorio municipal despedirun o curso ofrecendo unha serie de concertos abertos de cara o público. O Edificio do Multiusos, que tamén alberga as aulas do centro de formación musical, acolleu tres actuacións en días diferentes. Moitos foron os veciños da vila e familiares que asistiron os recitais para escoitar de preto os recitais do alumnado, que tras un ano de traballo, non defraudaron coa súa música aos espectadores.

O primeiro concerto foi inaugurado polos alumnos de trompeta, gaita, conxunto, fagot, trombón, bombardino



guitarra e coro. Na xornada seguinte tocoulle a quenda aos aprendices nos instrumentos de piano, clarinete e frauta. A clausura das actuacións correu a cargo do recital que ofreceron os rapaces de violín e violenchelo.

Durante todo o ano, máis de

cen escolares, reciben clases nas dezasete aulas das que consta o conservatorio municipal. Nas clases os alumnos aprenden coñecementos sobre os diferentes tipos de instrumentos que integran as familias musicais de vento, percusión e corda



Preescolar na Casa remata o curso cunha actividade de ocio

O Programa *Preescolar na Casa* clausurou o seu curso cunha excursión na que visitaron á Casa dos Peixes da Coruña par alogo pasarun intre de lecer na praia de Pontedeume. Máis de 130 familias de Melide e outros concellos lindeiro participaron nesta viaxe. *Preescolar na Casa* impartíuse, cada quince días, durante todo o curso tanto na vila como nos locais sociais do rural.

Esta iniciativa é un programa educativo cuio obxectivo basease en contribuír á formación dos pais e nais dos cativos, dentre 0-6 anos, no desenvolvemento das capacidades dos seus fillos a través de actividades compartidas, reforzando, deste xeito, as relacións entre os proxenitores e os nenos no ámbito da educación.

O Edificio do multiusos acolle esta mostra aberta ao público ata o 31 de xullo

O ilustrador Xosé Tomás presenta a súa exhibición *Tras o espello* na vila

A través da obra do artista os veciños terán a oportunidade de coñecer o mundo da banda deseñada e a ilustración infantil

Asala de exhibicións do Multiusos acolle, dende mediados do mes e ata o vindeiro trinta un de xullo, unha nova mostra *Tras o espello* do ilustrador Xosé Tomás. Nesta poderán ver diferentes traballos do autor betanceiro en catro áreas: a ilustración infantil, a multimedia, o humor gráfico e a banda deseñada.

Na presentación oficial da exposición o ilustrador contou coa presenza da concelleira de benestar, Casé Rodríguez, veciños e o arroupo de compañeiros de profesión do IES de Melide, do que o artista é tamén docente. Na inauguración Xosé Tomás confesou que a banda deseñada era unha das súas maiores paixóns, *facen cómic é para min como dirixir unha orquestra con tema gráfico* afirmou o artista. Na dilatada traxectoria profesional do autor salienta a súa labor na ilustración do libro infantil e xuvenil, ámbito no que, segundo verbas do autor, é fundamental o contacto



Xosé Tomás xunto a concelleira de benestar, Casé Rodríguez

entre escritores e debuxante para crear un libro interesante. Pola banda do humor gráfico o artista manifestou que *é un eido con moita capacidade de reflexión xa que non só che pode facer rir senón tamén emocionarte.* Xosé Tomás nas súas declaracións deixou ver o súa faceta de profesor ao asegurar que a súa mostra *naceu con carácter didáctico para que se aprecie, a través dela, ademais do resultado final como é o proceso de elaboración.*

Esta finalidade educativa innata no traballo do autor quedou patente, días anteriores a esta presentación, cando Xosé Tomás dirixiu dous obradoiros para dar a coñecer aos escolares, de 6 e 7 anos, como se acadaba facer as ilustracións dun libro infantil.



Veciños ollando a exposición



Escolares no taller de ilustración

Santiago Jaureguizar gaña o certame de creación literaria Terra de Melide

O xurado da oitava edición do Certame de Creación literaria Terra de Melide decidiu premiar como gañador desta convocatoria ao escritor e xomalista, Santiago Jaureguizar, pola súa novela *O Globo de Shakespeare*.

O libro galardoado conta como o descubrimento do manuscrito do primeiro *Hamlet*, que levaba perdido dende finais do século XVI nun pazo de Ribadeo, altera a vida dos seus tres habitantes: o titiriteiro Ricardo, o pintor Leandro e a ama de chaves, Celia. Na farsa tamén figuran unha protistuta que segue exercendo, porque se sente soa, e un actor secundario de wenster obsesionado con asasinar a un ex presidente español por mor de que o goberno que presidía elaborou unha lei do cine que o deixou no paro.

Tanto o autor como a súa obra resultaron premiados, xa que o primeiro recibiu unha dotación económica de 6.000 euros e o libro será publicado pola prestixiosa editorial Edicións Xerais.

O xurado encargado de fallar o premio do 2008 estivo presidido pola alcaldesa da vila, Socorro Cea, e contou como integrantes a Manuel Bragado (director de

Xerais) Xesús Manuel Marcos (gañador da pasada edición), Xaquín Vázquez (normalizador lingüístico do Concello), Antón Pedreira (presidente da Asociación de Libreiros de Santiago) e o xomalista, Óscar Sánchez.

Este certame de creación literaria Terra de Melide celébrase tódolos sete de xuño por mor de ser a data na que a editorial *Nós* publicou o Libro *Terra de Melide* no ano 1933.

Santiago Jaureguizar

O autor da obra gañadora, que naceu en Bilbao no 1965 e traballa como xomalista en Lugo, conta xa cunha ampla galería de premios literarios espallados pola xeografía galega.

Na súa traxectoria como escritor ten publicados quince libros, entre os que compré salientar *Breve crónica universal da clase obreira* (Premio Lueiro Rey 2001), *Casa Skylab* (Premio Xerais 2003), *Cabaret Voltaire* (Premio García Barros 2005) ou a novela infantil *A Cova das Vacas mortas* que foi galardoada co Premio Fundación Caixa Galicia no ano 2006.

Un docente do IES recibe un premio pola súa labor na defensa do colectivo gay

Paco Veiga, profesor do Instituto de Melide, elevouse co premio *Marcela e Elisa*, entregado por *Milhomes*, colectivo de lesbianas, gays e transexuais da A Coruña. Este galardón naceu hai sete anos coa finalidade de recoñecer o traballo de todas aquelas persoas que loitan pola defensa dos dereitos do gremio dos homosexuais.

O fallo que motivou a *Milhomes* a premiar a Paco Veiga remontáse ao ano 2004, cando o profesor de literatura galega impartía unha das súas clases. Nesta sesión educativa, o docente fixo unha lectura sobre a gran obra galega: *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Veiga detalla que *nesta clase falei da persoa do libro, Milhomes, para min o mellor debuxado e caracterizado de toda a novela.* Mentres os seus preto de trinta e cinco alumnos



Veiga có seu recoñecemento escoitaban con atención ao profesor, este explicoulles que de *Milhomes non se falaba claramente da súa condición de homosexual e que só se deixaba vislumbrar.* O desexo de Paco Veiga nesta exposición literaria era simplemente que o seu alumnado aprenderan a ler entre liñas e *mentioneilles que na Coruña había precisamente un colectivo de gays e lesbianas que levaba o mesmo nome da persoa.* Nembargantes, o que era para o profesor unha lección máis mudou

a vida dun dos seus alumnos que soubo onde atopar apoio, deixando de agochar a súa condición sexual, e acudiu ao colectivo mencionado polo seu mestre. Veiga recorda que *nós ríamos moito nas clases pero el atopábase triste, tamén afirma que lembro que era un rapaz moi sensible e que evitaba estar xunto con outro compañeiro, ao que insultaban con improperios homofóbicos, para que nadie sospeitara da súa condición.* Este docente do IES remata afirmando que *eu nunca souben nada de isto ata o ano pasado.*

Ademais de Paco Veiga tamén resultou premiado un alumno do IES de Agra do Orzán, Izán, que tivo a valentía de declarar, ante todos os seus compañeiros, a súa homosexualidade no transcurso dunha das clases do seu centro.

Os xogos tradicionais galegos viaxan a Grecia da man dun grupo de profesores do Instituto

Un grupo de docentes do Ies Melidense viaxará a illa de Kea, en Grecia, no mes de xullo, para dar a coñecer máis alén das fonteiras da nosa Comunidade Autónoma os xogos galegos máis enxebres. Dende hai tempo, o centro de educación secundaria da vila está a colaborar coa AGXPT (Asociación Galega de Xogos Populares e tradicionais) para divulgar e revitalizar estas actividades lúdicas tan arraigadas na nosa tradición cultural.

A AGXPT e unha delegación mixta do instituto participarán no marco do Festival de Internacional de Literatura Tradicional Oral, con sede no país grego, grazas o proxecto

europo *Grundtvig*. Este último é un programa da UE de Educación que foi concedido ao IES para propiciar un intercambio cultural con outros estados membros da comunidade europea.

Deste xeito, os docentes melidenses están a traballar na difusión dos xogos tradicionais como o aro, o tiro a rá, o trompo... para que todos os lugares estranxeiros, aos que viaxan, coñezan esta riqueza lúdica e deportiva coa que contamos en Galiza.

Durante este ano esta delegación de Melide xa levou, como bo embaixador, os xogos tradicionais a outros países como Letonia ou Dinamarca.



Instalación de redes locais,
sistemas informáticos
y centraliñas telefónicas
Mantenimento
Reparación
veda
Distribuidor Autorizado **R**

ACER EX 5220-101G08Mi



PANTALLA: 15.4" WXGA
PROCESADOR: Celeron M540 a 1,83GHz
TARJETA GRAFICA: Intel Graphics accelerator hasta 385Mb
MEMORIA: 1024 MB (2x 512) DDR2
DISCO DURO: 80 GB
DVD: DVD Super Multi a doble capa
COMUNICACIONES: 10/100 LAN, 802.11 a/b/g, modem
S. OPERATIVO: Windows Vista Home Basic
OTROS: lector de tarjetas 5 en 1

PVP: 479

ACER EX 5620G-1A2G16Mi



PANTALLA: 15.4" WXGA CrystalBrite
PROCESADOR: Pentium Dual Core T5250
TARJETA GRAFICA: ATI Mobility Radeon X2400 XT
MEMORIA: 2048 MB DDR2 533MHz
DISCO DURO: 160 GB
DVD: DVD Super Multi
COMUNICACIONES: 10/100/1000 LAN, 802.11 a/b/g, modem
S. OPERATIVO: Windows Vista Home Premium
OTROS: Webcam, lector de tarjetas 5 en 1

PVP: 679

SONY VAIO NR21Z/S



PANTALLA: 15,4 pulg WXGA X-black 1280 x 800
PROCESADOR: Intel® Core™ 2 Duo T8100
TARJETA GRAFICA: NVIDIA® GeForce® 8400M GT
MEMORIA: 3072 MB 667MHz
DISCO DURO: 250 GB
DVD: DVD±RW/±R DL/±RAM
COMUNICACIONES: 802.11 a/b/g/n, modem
S. OPERATIVO: Windows Vista Home Premium
OTROS: Peso aproximado (kg.) 2kg - 3kg

PVP: 1.099

TOSHIBA SATELLITE L40-17S



PANTALLA: TFT 15,4" WXGA TruBrite®
PROCESADOR: Intel® Pentium® Dual Core T 2330
TARJETA GRAFICA: Intel GMA X3100 con hasta 358 MB
MEMORIA: 2 GB (1.024 + 1.024 MB) DDR2
DISCO DURO: 120 GB
DVD: DVD Super Multi Doble Capa
COMUNICACIONES: Ethernet 10/100, Módem Internacional V.92, Wireless LAN 802.11b/g, Bluetooth 2.0 + EDR
S. OPERATIVO: Windows® Vista Business

PVP: 649

TOSHIBA SATELLITE L300-10Q



PANTALLA: TFT 15,4" WXGA TruBrite®
PROCESADOR: Intel® Pentium® Dual Core T2 370
TARJETA GRAFICA: Intel GMA X3100 con hasta 358 MB
MEMORIA: 2 GB (1.024 + 1.024 MB) DDR2
DISCO DURO: 160 GB
DVD: DVD Super Multi Doble Capa
COMUNICACIONES: Ethernet 10/100, Módem Internacional V.92, Wireless LAN 802.11b/g
S. OPERATIVO: Windows® Vista Home Premium

PVP: 719



PANTALLA: 15,4" WXGA ACV
PROCESADOR: Intel Core 2 Duo T7100
TARJETA GRAFICA: Intel GMA X3100 con hasta 358 MB
MEMORIA: 1GB DDR2
DISCO DURO: 160 GB SATA
DVD: DVD Super Multi
COMUNICACIONES: Built-in Gigabit Ethernet LAN and Modem Module
Built-in 802.11n WLAN Card
S. OPERATIVO: Windows Vista Home Basic

PVP: 999

EEE PC 4G-LINUX WHITE ASUS



PANTALLA: 7
PROCESADOR: Intel
COLOR: BLANCO
MEMORIA: 512 mb (DDR2)
DISCO DURO: 4 GB S.S.D.
AUDIO: Altavoces Exterio. Micrófono
COMUNICACIONES: Ethernet - WLAN
S. OPERATIVO: Linux
OTROS: webcam

PVP: 379

HP 6720S KE056ET



PANTALLA: 15,4 pulgadas
PROCESADOR: Intel® Core 2 Duo T5470
TARJETA GRAFICA: Intel® Graphics Media Accelerator X3100
MEMORIA: 2GB DDR2
DISCO DURO: 160 GB SATA
DVD: DVD+/RW/LightScribe SuperMulti de doble capa fija
COMUNICACIONES: WiFi 802.11 a/b/g, 10/100 LAN / Modem
S. OPERATIVO: Windows Vista Home Premium
OTROS: Batería 6 cells

PVP: 634

SAMSUNG NP-R700A003



PANTALLA: 17" WXGA (1440 x 900), Gloss
PROCESADOR: Intel® Core 2 Duo T9300
TARJETA GRAFICA: NVIDIA GeForce 8600GT 256 Mb
MEMORIA: 2GB (DDR2 667MHz/1024 x2)
DISCO DURO: 250 GB SATA
DVD: Super Multi DL
COMUNICACIONES: WiFi 802.11 b/g, 10/100 LAN / Modem, Bluetooth V2.0+EDR
S. OPERATIVO: Windows Vista Home Premium
OTROS: Batería 6 cells

PVP: 1.349



teléfono, internet, televisión

Tel./Fax: 981 815 442 - 600 547 000

Martagona II - 15800 Melide (A Coruña) - www.ruraltec.es - admon@ruraltec.es

A comarca celebra o seu día da *Festa do Deporte* cun programa cheo de actividades

Os municipios da bisbarra engadironse á esta iniciativa promovida pola Consellería de Cultura

As localidades que conforman a comarca de Terra de Melide apuntaronse ao programa organizado pola Dirección Xeral do Deporte para celebrar a *Festa do Deporte* en Galicia.

Días antes de escomenzar este evento, a Casa do Concello da vila acolleu unha rolda de prensa conxunta dos municipios de Melide, Toques, Santiso, Arzúa, Boimorto e Mesía para dar a coñecer o deseño das súas actividades para a conmemoración deste acto. O acontecemento estivo presidido polo Xefe do Servizo Provincial de Deportes, Henrique Rodríguez Patín, quen destacou que esta celebración *é unha maneira de reivindicar o deporte que se celebra na data do 8 de xuño simultaneamente noutras cidades europeas*. O titular deste organismo da Xunta tamén incidiu que esta festa *ten un gran resposta por parte dos concellos galegos e dun xeito moi salientable nos máis pequenos*.

O día da Festa do deporte,

A Capital: Melide

Durante todo un día, a vila converteu a súa Festa do deporte nunha xornada adicada o lecer de tódolos seus veciños.

Pola mañá as actividades deportivas tiveron como escenario a pista deportiva do Edificio de Multiusos. No lugar centos de melidenses poideron practicar fútbol, baloncesto 3X3 e tennis. Os circuitos de ciclismo para as bicicletas e unha sesión de batu-

ka pecharon a sesión matinal.

Polo serán o sitio protagonista do evento foi o Cantón de San Roque. Este céntrico espazo do municipio albergou multitude de xogos populares e tradicionais onde os melidenses, dende os máis cativos ata os maiores, pasaron unha tarde divertida participando neste eido de tanto arraigo na nosa terra.

Así os asistentes gozaron co salto a corda, os zancos, o tiro á rá, á peonza ou a pescar a botella. Este último adaptación deste antigo xogo, des-



Moza cós zancos



O Cantón encheuse de xogos

añada polo veciño Xan Méndez, e pretencente a AXGPT, para maior desfrute nos tempos actuais.

O Concelleiro de Deportes,

Antonio Varela, cuio departamento organizou a festa, tamén compartiu esta xornada vespertina xogando cós veciños ao xadrez, por exemplo.

Toques

O Concello de Toques, pola súa banda, trazou un programa de actividades no que contou cunha carreira pedestre, badminton, minibasket, tennis ou Petancas. A implicación dos veciños para celebrar este día tamén foi importante. Isto quedou amosado na elaboración dun xogo de billarda que fixo para a ocasión un carpintiro local, Martiño.

Pero os xogos non quedaron só nos mencionados anterior-



Veciños xogando o brilllet



Carreira de sacos

mente senón que tamén houbo oco para partidos de brilllet, carreiras de sacos e lanzamentos de xabarina, todos os aparellos deseñados con materiais especiais para evitar danos

personais. Como lembrou o Concelleiro de deportes toquense, Jorge Calvo, *tentamos organizar con este día, proxectos de ilusión máis que de deportividade*

Troiteros Río de Furelos festexa o seu día do Socio

Dende hai tres anos o colectivo de pesca melidense vén a conmemorar o seu Día do Socio para festexar unha xornada de encontro e lecer para os asociados da entidade de troiteiros.

Nesta terceira edición a convocatoria foi un grande éxito, en canto ao número de convidados que asistiron ao evento, que tivo lugar na áres recreativa do río Furelos.

Cento de socios e veciños celebraron, baixo a fermosa paixase que caracteriza a este escenario, esta cita cun xantar

de confraternidade.

Contando coa presenza da alcaldesa melidense, Socorro Cea, os comensais de tódalas idades, poideron degustar tortilla, empanada, polbo á feira, churrasco e outras viandas antes de pasar á quenda dos postres e cafés. O catering da comida estivo organizado polo restaurante O Toxo.

Ao remate da festa, a directiva da Asociación de Toiteiros Río Furelos agasallou aos seus socios con chalecos que levaban impreso o logotipo da entidade.



Momentos de conversa entre os convidados na área fluvial antes do inicio do xantar



Socios amosando os seus agasallos



Os comensais gozaron dun menú do máis completo

O Atlético de Melide xuvenil fai historia ascendendo á élite da liga galega

A categoría sub-19 do equipo melidense proclamouse como vencedora *invicta* na competición que lle abría as portas a esta honrosa clasificación

Ao Atlético de Melide non lle pudo ir mellor na súa volta, logo de tres décadas, ao mundo do Fútbol.

A categoría xuvenil xa está descansando logo de acadar un grande triunfo que pasará aos anales do equipo colcho-neiro: ascender á liga galega da súa modalidade. Na final esta prantilla de rapaces venceu ao seu rival, o Brexo Lema, por unha goleada de 4 a 1. Con estes tantos a ningún dos asistentes lles quedou a dúbida de porque estes xovenes xogadores chegaron ata a cume do fútbol base comarcal.

Todo grazas a loita e ilusión destes mozos durante meses nos campos de herba do balómpé, con Damián como



O equipo xuvenil do Atlético de Melide posando cos trofeos cos que o seu clube os agasallou

mellor xogador, e cun gran adestrador como, José Mouriño, *Pepe de Novela*. Pero a valía do clube roxi-branco de Melide non ficou só nesta fazaña xa que outras das súas categorías participaron na prestisioxa Compostela Cup do Camiño.

Nesta competición, organizada pola Fundación Compostela Deporte e co

patrocinio do Xacobeo, os veteranos estan xa nos cuartos de final e os cadetes ficaron nesta fase, contra o Noia, por mor da mala sorte ao chegar á quenda de penaltis.

Neste torneo o equipo feminino deu moito que falar xa que as xogadoras do Atlético Melide chegaron ata as semifinais da Copa do Camiño. Nesta fase

enfrentáronse contra o Cidade Santiago nun encontro no que este último foi superior a pesares da entrega das colhoneiras que non tiveron a súa tarde. Aínda sendo derrotadas por tres tantos, a xogadora roxi-branca, Dulce Ferreiro, non se despediu sin marcar o único gol melidense que premio o esforzo deste equipo de triunfadoras.

O CIRE Melide eliminado na Copa da Coruña

O CIRE pechou a súa tempada de xogo logo de ser eliminado nano nos oitavos da Copa Coruña. En xuño o equipo melidense disputou no campo municipal un partido no que se enfrontaba contra o Olímpico. No encontro os locais remataron a primeira parte cun marcador favorable de 1-0, grazas ao gol do xogador Peke. A segunda parte debuxaba ser mala para os futbolistas do CIRE xa que ao pouco de reanudarse o partido o equipo visitante metía o tento que empataba o encontro pero, nembargantes, a ilusión voltou ás gradas cando Miki marcou un implacable gol na portería do Olímpico e suporía o triunfo para os melinses por 2 a 0.

Nos oitavos de final, tocáballe a quenda de verse cara a cara co campión da anterior edición da copa: o Vizoño. Pero esta vez, a pesares do bó xogo dos azuis, o CIRE recibiu unha goleada de 5 a 1. Esta circunstancia fixo que o CIRE resultase eliminado do torneo. De tódolos xeitos, ben merecen un descanso logo de acadar este ano o ascenso á segunda autonómica.

A Escola Ayude segue a subir chanzos no deporte das artes marciais

Non lle abundaba a *Escola Ayude*, de Melide, a gran recoleita de triunfos que tivo en meses anteriores nos campionatos nacionais de kick boxing nas modalidades de ligh e semi-contact, e gora decidíusea escalar un chanzo máis emprendendo o seu camiño tamén noutro eido do mundo das artes marciais: a loita olímpica.

Paso a paso, pero sin abandonar o kick boxing, hai pouco participaron no VII trofeo San Ignacio celebrado no Pavillón de Teis, na cidade de Vigo. No recinto os alumnos melidenses participantes poideron amosar que xa escomenzan a vislumbrar actitudes nesta nova iniciativa. Agardemos que, dentro de non moito tempo, teñamos tamén campións da vila nesta derporte

da gran élite.

I campionato galego de promesas en Toques.

Co gallo da celebración do II torneo de Kickboxig no Polideportivo municipal de Toques, a localidade acolleu o primeiro campionato galego de promesas. Esta iniciativa está pensada para darlle a alternativa aos xovenes valores das especialidades de Semi e Ligh Contact. Deste xeito no evento participaron máis de oitenta e cinco competidores debutantes, ou de escasa experiencia, neste eido. Por suposto, e ademais doutros clubes galegos, a representación da *Escola Ayude* tamén estivo presente nesta convocatoria.

O Torneo durou preto de dúas horas nas que as futuras

estrelas loitaron en dous tatamis que albergaba o edificio deportivo toquense. Os irmás, Aaron e Cora López, Mar Rivero, Bruno Agra García, Pedro López Costa, Gonzalo Paredes ou Cristina Cardeiro voltaron acadar medallas en primeiros e segundos postos das modalidades. Con tal medalleiro a nadie lle estranou que neste campionato fose premiado cotrofeo ao mellor clube, A Escola Ayude, dentre as doce entidades que participaron na iniciativa.

Pola súa banda, o adestrador das promesas desta arte marcial, José López Ayude, tamén impartiu na última tempada varios cursos de defensa persoal nos municipios da comarca, Melide e Toques.

Ferreiro único piloto galego convidado ao Rally Show de Vigo

Antes de facer un descanso no verán ata finais do mes de agosto, Xesús Ferreiro e o seu copiloto, Roberto Lorenzo, participaron na exhibición da segunda edición do Rally Show Cidade de Vigo.

O piloto melidense acudiu a cita, convidado pola organización deste evento, en calidade de gañador do mesmo o ano pasado e sendo o único deportista galego presente no acto. O recinto do IFEVI da capital olívica acolleu o *Galiexpo Motorshow 2008* onde se xuntaron centos de persoas para ver as destrezas nas modalidades de tuning, clásicos e motos. Ferreiro compartiu cartel cos pilotos de máis alto nivel mundial como Makku Alen, Miki Biasion (bicampión mundial de rallys), francois Duval ou Xevi Pons, entre outros.

O gañador deste espectáculo deportivo elixíase por medio da votación a través dos SMS recibidos polo público asistente que decidiron como triunfador nesta oportunidade ao italiano Biasion.

Aínda que o noso campión nacional non puido repetir o triunfo da pasada tempada, o público apladeu as súas destrezas ao volante. Ademais ferreiro, e a súa Escudería Melide Sport, estiveron arroupados neste día por numerosos veciños da vila que se desparazaron ata a cidade de vigo para apoiálos e animálos.

O piloto melidense voltará ás pistas de asfalto da competición de vehículos históricos o trinta un de agosto, no Rally de Ferrol, para tentar revalidar su actual título de gañador de España nesta categoría.

Crónica dunha laboura a prol da recuperación do Camiño Primitivo (Camiño de Oviedo)

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

No Cerne número 1, xa escribín sobre o Camiño Primitivo (Camiño de Oviedo), que foi o primeiro Camiño a Compostela no século IX, en tempos do rei Alfonso II "O Casto", que foi o pelegrín iniciático, despois de que no ano 814 aparecesen os supostos restos do Apóstolo Santiago, por Teodomiro Bispo de Iria Flavia. Este primeiro Camiño partía de Oviedo e pasaba por: Grado, Salas, La Espina, Tineo, Obona, Acebo (Asturies), e xa na Galiza: A Fonsagrada, Baleira- O Cádavo, Castroverde, Lugo, O Burgo, San Tomás de Retorta, Negral, Augas Sentas, Hospital das Seixas, Vilouriz, Vilamor, Ponte da Pedra, Compostela, Ribadulla e Melide, coa variante do Cruceiro dos Pelengríns (A Veiga-San Salvador) A Martagona, e Melide, polo Marco.

Avanzada a Reconquista e trasladada a León no ano 910 a capital do Reino Asturiano, o Camiño Primitivo perde tradición e paso a favor do francés. O Camiño Primitivo, de Oviedo, ou Astur-Galaico do Interior, perde

influencia no tempo a pesares de ser estudado e reivindicado por investigadores como: Eduardo Álvarez Carballido, Antón Taboada Roca, Vázquez Parga-Lacarra e Uría ("Las peregrinaciones a Santiago de Compostela"-1948), Nicandro Ares, Jaime Delgado, Ricardo Polín, Xavier Gómez Vila, María Carmen Pallares, María Josefa Sáenz (Universidad de Oviedo), etc, ata que a finais dos anos oitenta do século XX hai un movemento de recuperación histórica e cartográfica do Camiño Primitivo, que levou ó inicio da súa itinerización e divulgación (amáis de investigación) do primeiro Camiño de Peregrinación a Compostela.

Relatorio de algo que se fixo a prol da súa recuperación:

-A Universidade de Oviedo e Asociacións Asturianas de Amigos del Camino Galaico de la Costa, del Interior e Leonés, desenrolaron unha morea de actividades e reivindicacións a prol do Camiño Primitivo.

-Congreso Internacional en Jaca (setembro1987), Xosé

Domingos Fuciños presentou unha comunicación e observación sobre o Camiño de Oviedo, que se esquencían del.

-No ano 1992, e organizadas polo Museo Comarcal da Fonsagrada, celébranse no mes de xullo unhas Xornadas sobre o Camiño Astur-Galico do Interior, con representantes de Asturias e Galiza.

-Seguidamente, fúndase a Asociación de Amigos do Camiño Primitivo na Galiza, que desenrola actividades moi importantes para a súa recuperación, sobre todo na provincia de Lugo.

-En Melide o 18 de abril de 1993, previo acordo do Pelno do Concello, reinaugúrase a Rúa de Oviedo, que se chamaba así dende tempos antigos ata o Alzamento de 1936, que lle trocaron o nome polo de Martínez Anido. Mostra Bibliográfica de Libros sobre os Camiños de Santiago na Rectoral de Melide adicada ós mestres melidáns Don Nilo Cea Rodríguez, e Don Fernando Somoza Barbeito.

-Congreso Astur-Galaico do

Camiño Primitivo en Lugo en Maio de 1996.

-En Decembro de 1995, I Encontro melidense sobre o Camiño de Santiago, celebrado en Melide, organizado polo Concello e a Fundación Comarcal.

-En Toques, organizado pola Asociación Cultural e Deportiva A Toca, Seminario sobre o Camiño Primitivo, en outubro de 1998.

-No ano 1995 (2-03), a Consellería de Cultura, a través da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, inicia o expediente de información pública sobre a delimitación e deslinde do Camiño do Norte, ruta do interior, que no día de hoxe está sinalizado con pedras, "mojóns", pero que aínda non está inventariado nin protexido cun marco xurídico propio, como Camiño Francés.

Neste longo camiño de recuperación, afortunado, e que sirva para declarar o Camiño Primitivo Patrimonio da Humanidade, compre lembrarse entre outros de:

María Josefa Sanz, Rodrigo Rossi, Laureano de Tineo, Pepe O Ferreiro dos Grandes de Salime, Tratur (Asturies), Museo da Fonsagrada, Asociación de Amigos do Camiño Primitivo, Xoán Xosé Molina, Branca Rodríguez, Lois Diéguez, Rircardo Polín, Concello de Lugo, Nicandro Ares, Jaime Delgado, Carteiro de San Román de Retorta, Concello de Guntín, Jaime Gómez Vila, Concello de Toques, Fernando Acuña- Castroviejo, Gonzalo Meijide Cameselle, Concello de Melide, Museo da Terra de Melide, Manoel Anxo Rodríguez, Antonio García Mourelle, Enrique Vázquez Liñeira, Mati, Asociación Cultural Terra de Melide,... e perdoadade se me esquezo de alguén. Para rematar, a Asociación Cultural Terra de Melide, en novembro, organizará unhas xornadas en Melide sobre o Camiño Primitivo. Mentras, a ver se poñen a funcionar a Aula da Natureza de Souto (Toques) que é unha verdadeira pena que non cumpira o seu fin.

Cousas da vida

por Castelao



—Hay que acabar cos caciques de antes.
—E cos de agora, se non lle parece mal.

Prohibida a reprodución ca 02/09

Publicado no xornal Faro de Vigo no ano 30.

Arquivo dos irmáns Fuciños- Gómez
Melide

Lembranzas



Imaxe que amosa o remate da construción da presa do Salto de Portodís, no Rechinol. Ano 1922

Arquivo dos Irmáns Fuciños - Gómez
Melide

Recuncho para a reflexión

Amizade e sede

DANIEL ROIBÁS

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

Un home, o seu cabalo e o seu can, camiñaban por unha rúa. Despois de facer un gran percorrido, o home decatouse de que os tres morreran nun accidente. Hai veces que leva tempo para que os mortos saiban da súa nova condición.

A camiñata era moi longa, costa arriba, o sol queimaba forte e os tres estaban enchoupados en sudor e con moita sede: precisaban axiña auga.

Nunha curva do camiño, víron un portón magnífico, todo de mármore, que conducía cara a unha praza revistida con losetas de ouro, e no cerne da mesma erguíase unha fonte da cal brotaba auga cristalina. O camiñante dirixiuse cara un home que dende unha garita coidaba da entrada.

- *Bos días*, dixo o camiñante; - *Bos días*, respostoulle o señor.

- *¿Qué lugar é este, tan bonito e impresionante?*, preguntou o camiñante.

- *Isto é o ceo*, foi a resposta;

- *Que ben chegar ao ceo porque temos moita sede*, dixo o camiñante;

- *Vostede pode entrar a beber a auga a súa vontade*, afirmou o gardán á vez que lle sinalaba a fonte.

- *O meu cabalo e o meu can tamén estan sedentos*.

- *O lamento moito*-lle dixo o garda- *pero aquí non se permite a entrada de animais*.

O home sisteuse moi decepcionado porque a súa sede era moi grande. Máis el non bebería, deixando aos seus amigos con sede. Deste xeito, seguiu o seu camiño abandoando aquel fermoso

sitio.

Despois de moito camiñar, coa sede e o cansancio multiplicados, chegaron a unha zona, cuia entrada estaba marcada por un portón vello e semi-aberto. Esta gran porta ía para a un sendeiro cheo de terra, con árbores en ámbolos dous marxes que lle facían sombra. Á sombra dunha das árbores, un home estaba recostado, coa testa cuberta por un sombreiro, asemellaba que durmía...

- *Bos días*, dixo o camiñante.

- *Bos días*, lle respostou o home.

- *Estamos con moita sede, eu, o meu cabalo e mailo meu can*.

- *Hai unha fonte naquelas pedras*, dixolle o home sinalando cara o lugar, *poden beber a vontade*.

O home, o cabalo e o can foron ata a fonte e saciaron a súa sede.

- *Moitas grazas*, dixo o camiñante ao saír.

- *Volten cando queiran*, repli-



coulle o home.

- *Por certo*, dixo o camiñante, *¿ Cal é o nome deste sitio?*

- *Ceo*, respondeu o señor.

- *¿Ceo? ¿Pero si o home que estaba na garda ao carón do portón de mármore afirmou-me que alí era o ceo!*

- *Aquelo non é o ceo, aquilo é o inferno*.

Entón o camiñante ficou aturallado e perplexo.

- *Pero logo*, dixo o camiñante, *esa información falsa debe causar grandes confusións*.

- *De ningún xeito*, respondeu o home, *en verdade eles fannos unha grande favor. Porque alí quedan só aqueles que son capaces de abandoar aos seus mellores amigos*.

Esta é unha historia adicada

á verdadeira amizade, aos amigos que queremos endexamais se lles abandoa, nós temos que ser para eles como a sangue que acode ao primeiro rasguño que xurde nas súas vidas.

O mesmo Evanxelio conta cunha fermosa frase que reza deste xeito: *sedento, dís que son manatíal e non vés a beber*. Así son algunhas persoas que te acompañan na ledicia do teu camiño dandoches a súa mán pero cando tropezas cunha pedra, eles encargáanse de poñer a zancadilla para que non te voltes a erguer.

O movemento cristián precisa de xente que saiba crer e ser fieis cós demáis, pois xa hai moitas persoas que cren saber máis do que realmente coñecen.

Xelado de humor para o verán

O agasallo das gafas

ASOCIACION DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

Dende ASETEM-CCA convidámoches con este espazo a levar a sonrisa a túa vida para aturar mellor o sol das túas vacacións

Un mozo foi de viaxe e sabendo que a súa noiva precisaba dunhas gafas, porque as súas se lle romperán, detívose ante uns grandes almacens para mercarlle unhas.

Entrou nuha das tendas e elixiu o modelo que máis lle gustou, a dependenta envolveunas nun paquetiño pero cando ía marcharse no canto de coller o paquete coas gafas agarrou

un semellante que contiña unhas braguíñas que seguramente algunha clienta remataba de mercar.

O mozo non se deu de conta do erro e dende alí dirixiuse, todo ledado, cara Correos e lle remitiu o agasallo a súa moza xunto cunha carta, que decía o seguinte:

Querida miña:

Agardo que che guste o agasallo que che envío,

sobre todo pola falla que che fan, xa que as túas chas rompín hai pouco cando fumos ao cine. Ademais levabas xa moito tempo coas que tiñas e éstas son cousas que se teñen que mudar de vez en cando.

Tamén agardo haber atinado co deseño. A dependenta contoume que era a última moda e ensinome as súas, que eran iguais. Entón eu, para ver si eran lixeiras, collín e mas puxen alí mesmo na tenda. Non sabes com se riu a dependenta e algúns clien-

tes, porque estes modelos para mozas quedan moi graciosos nos homes, e máis a mín, que xa sabes que teño unha estrutura moi longa.

Unha rapaza que había alí, quitouse as súas e puxo as túas para que eu vira o efecto que facían, e recoñezo que lle quedaban de marabilla, así que decidínme e as merquei, coa esperanza de velas postas en tí axiña.

Empregalas ben e amosallas aos teus pais, aos teus irmás e, en fin, a todo o mundo, a ver que che dín. Ao principio atopátes moi rara e incomoda, acostuada a ir sempre coas vellas, e máis agora que estiveches tanto tempo sen levar ningunhas. Si che quedan pequenas mo

dís, non sexa que che deixin sinal cando as quites para camiñar pola rúa e todo a xente vaia a notar cas tes. Ten tamén moito coidadiño de que non che vaian grandes, non sexa que vaías andando e se che caigan.

Levaas con atino, non vaías rompelas ou chas rompan e, sobre todo, non as deixes por calquera lugar e as perdas, que tes a mala costume de levalas na mán para que todos vexan os teus encantos.

En fin, para que che vou pedir máis; só che digo que estou desexando verchas postas e que as quites a vindeira vez que visitemos o cine.

Este é o mellor agasallo que che podía facer, o meu amor.

ACTOS XULLO

- Venres 4 : Inicio do I festival das artes e letras Melide: Sábado 19, concerto de jazz da Acuña Jazz Banda. Luns 21, actuación da bailarina galega Ángela Blanco no Cantón de San Roque. Información sobre máis actos na páxina web: www.artemelide.es ou no Concello
- Sábado 5: comenzo do funcionamento do servizo *Noitebús* para os máis xóvenes. Tódolos sábados de verán. Prezo do billete ida e volta: 2 euros. Máis información sobre paradas e horarios: Concello de Melide
- Luns 7: Curso manipulador de alimentos. Lugar: ASE-TEM-CCA. De 17 a 20 h.
- Mércores 16: Festividade local do Carne
- Venres 25: Festividade do Santiago Apostolo
- I Festival da Canción Terra de Melide. Data de celebración: noite do 21 de agosto. Lugar: Cantón de san Roque. Os interesados en participar poderán formalizar a inscrición na concellería de Cultura ata o 15 de xullo.
- Concertos no Pub Gatos: Venres 11, actuación de punk-rock do grupo portugués *Fading Comission*. Xoves 31, concerto de *Dogma* liderado por Chus Silva. Hora: 01:00. Entrada: gratuíta

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados: 10.30 Domingos e festivos: 17.00	
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		Atención ao cidadán	981120012	I.E.S. de Melide	981505162
UrxenciasSanitarias	061	Valedor do pobo	981571900	C.E.I.P nº1	981505238
BombeiroS	080	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº2	981505929
Incencios Forestais.....	..085	Industria e Comercio	981544341	Gardería	981505003
Policía Municipal		Sevizo Galego Colocación	981125000	U.A.F. de Melide	981 507742
Urxencias	092	Teléfono da Muller	900400273		
Melide	981505003	Teléfono do Menor	900444222	SANTISO	
Policía Nacional	091	Dirección Xeral de Tráfico	900125505	Casa do Concello	981818501
Garda Civil		Correos.	902197197	Centro de Saúde	
Urxencias	062	Auga	981242322	Agrochao	981517803
Melide	981505007	Electricidade	981147200	Visantofia	981510749
S.O.S		Gas.	900760760	Xulgado de Paz	981 818501
S.O.S Galicia	112				
Protec.Civil.	670498848	MELIDE			
TRANSPORTES		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Renfe		Centro de Saúde	981506176		
Nacional	902240202	Servizos Sociais	981505012	Casa do Concello	981787508
A Coruña		Consevatorio	981507100	Desenvolvemento local	981787508
Santiago		Polideportivo	981507752	Centro de Saúde	981787744
Autobuses		Centro Social da 3ª Idade	981505706	Mosteiro de Sobrado	981787509
A Coruña	981239099	Parada de Taxis	981505390	Xulgado de Paz	981787508
Santiago	981542416	Oficina de emprego	981505204		
Aeroportos		Albergue Xuvenil	981507412	TOQUES	
A Coruña.	981187200	Albergue do Peregrino	660396822		
Santiago	981547500	Oficina AgrariaComarcal	981505410	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188	Centro de Saúde	981507301
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		Fundación Terra de Melide	981507244	Xulgado de Paz	981505826

Antonio Pérez, de Bodegón Celta

O churrasco é un dos principais reclamos que temos no bodegón

Rexentar un negocio de hostalería é un dos taballos que apenas coñece o descanso. Tanto a cotío como en vacacións, Antonio Pérez e a súa familia atenden á súa clientela no Bodegón Celta. Aínda así

tanto esforzo merece a pena porque a xente, que soe acudir ao seu negocio diariamente, pasan de ser clientes a convertirse en amigos que atopan neste local un lugar onde pasar o seu tempo de lecer

O Bodegón Celta remata de cumprir este ano a súa maioría de idade con Antonio Pérez como rexente. Xa transcorreron dezaioito anos dende que o seu propietario retornou da emigración para coller as rendas deste negocio que levaba só un ano e medio en funcionamento co seu anterior dono. Preto de dúas décadas que se lle fixeron curtas a Antonio Pérez porque segue a ter a mesma ilusión na tarefa da súa profesión como si fora o primeiro día.

- Cando comenzaches no local, tiveches que facer algunha reforma?

- Cando o collín, no ano 90, tiña máis ben aspecto do típico Bar. Nós tiñamos claro que queríamos darlle un ambiente o máis asemellado posible a un bodegón ou parillada, así que sí. Sí, fixemos algúns cambios.

- En que consistiron ?

- Este tipo de negocios soen caracterizarse por ten unha decoración rústica de xeito que revestimos as paredes con pedra e chapamos moitas das instalacións con madeira. O que si mudamos completamente foi o sistema de cociña que tiña, dotandoo dunha parilla



Antonio Pérez no seu local: o Bodegón Celta

ta aquí algúns peregrinos?

- Si. O feito de que o bodegón se ubique a só trinta metros da ruta xacobeá desemboca en que moitas das persoas que fan o camiño paren a mudo aquí para refrescarse ou xantar algo. Ademais dende hai algúns anos notáse que a xente xa non fai, como antes, a ruta

entre amigos e familiares. A proveitan os seus días de descanso en Melide para reunirse cos seus seres queridos.

- Qué tipo de comidas elaborades no Celta?

- De todo. Pero si che é de ser sinxelo a nosa especialidade é o churrasco. É o reclamo ou demanda que máis nos fai a xente a hora de vir a comer aquí. E, principalmente, o tipo de carne que prefiren é a de porco porque sae máis xugosa da parilla que se fas tenreira.

- Tes que ter algunha téc-

volta, pero este tipo de gastronomía ten que ser elaborada con arte. É dicir, o bó churrasco a de servirse na mesa no seu punto: nin darlle moita calor á prancha porque che pode saír pasado nin tampouco pouco lume porque corres o risco de o resultado final sexa que a carne esté crúa. Sempre hai que buscar o equilibrio xusto para que saia no seu punto.

- E os fins de semana, supoño que será cando máis comensais tes?

- Por suposto, temos reser-

- Non este é máis ben un negocio familiar. A miña muller traballa connigo e a nosa filla axudanos moitas veces, sobre todo, os días máis atarefados.

-O sector da hostalería, cun traballo tan intenso, dáche máis satisfaccións ou ao contrario?

- Tes razón que este eido é un pouco sufridor laboralmente xa que che priva un pouco da túa liberdade persoal e familiar. Tes que estar traballando tódolos días do ano cun horario de día a noite deseguido e sen vacacións. Nós só pechamos os xoves pola tarde.

Nembargantes eu penso, que si che gusta esta profesión, á recompensa a tanto sacrificio é satisfactoria. A mín gustame ver que os clientes síntesen cómodos e que son moitos deles os que veñen a comer aquí, por primeira vez, e logo voltan a repetir máis veces. Isto é algo gratificante porque ves que lles gustou e que merece a pena todo o esforzo que fas no teu traballo.

O estar tan preto do camiño de Santiago fai que moitos peregrinos veñan ao bodegón

máis axeitada para facer mellor as comidas.

- Falemos da clientela, ten moita o bodegón?

- Non me queixo, levamos dezaioito anos abertos e por algo será. Normalmente a nosa clientela soen ser persoas que a diario veñen ata aquí a tomarse algo e a conversar ou xogar ás cartas. Ao final máis que clientes son amigos cos que pasas tempo de ocio.

- Pero non todos serán clientes asiduos, o teu local esta moi preto da ruta do camiño. Veñen a

no verán, porque nós temos peregrinos caseque todo o ano.

- Cando é a tempada que notas máis afluencia de clientela?

- Creo, que como en todo negocio hostaleiro da vila, o período de máis xente son nas vacacións do verán, sobre todo, o mes de agosto. Aínda que tamén, pero en menos cantidade, noutros festivos como o nadal ou semana santa. Este tipo de persoas máis ben veñen ao bodegón a celebrar xuntanzas para xantar ou cear

Aquí traballas tódolos días non só os fins de semana e os días festivos

nica no intre de asar o churrasco ou simplemente se colaca na parilla e xá está?

- Non é tan fácil o cociñar o churrasco e si que hai que ter unha técnica na súa preparación. Moita xente pensa que abonda con colocalo na parilla, prenderlle lume e darlle unhas

vas tanto en inverno como no verán. Par vir a comer o churrasco cho teñen que comunicar con antelación xa que leva tempo preparalo e a carne ten que ser sempre fresca para poder gozar da súa degustación.

-Contas cun algún empregado asalariado que che bote unha man no local?

Portada	P1	Deportes	P18
Editorial	P2	Colaboracións	P20
Melide	P3	Axenda	P22
Comarca	P8	A entrevista do mes	P23
Empresa e comercio	P10	Contraportada	P24
Cultura e lecer	P14		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº39. Xuño de 2008. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

A velada máis máxica do ano invadiu as rúas da vila Melide *ardeu* baixo o veo do encanto da noite de San Xoán

O espírito da noite de San Xoán enchoupou os corazóns dos veciños melidenses que se botaron ás rúas para celebrar as súas San Xoanadas particulares. Así, en diferentes barriadas da localidade organizáronse festas que se convertiron nun referente de encontro para os lugareños onde degustaron chocolatadas, sardiñas ou doces. Todo elo contando como escenario ás impresionantes luminarias que poñían o punto de maxia a esta cita tan especial do ano.

Por unha xornada a vila foi invadida polo fume que desprendían as caharelas, as cales convidaban a lembrar o encanto desta noite.

Unha das San Xoandas que máis xente congregou foi a des-

añada pola asociación de amas Mulleres de Catasol ao carón de capela de San Roque.

A festa escomezou antes de escurecer o ceo co son das gaitas e os bailes infantís do grupo *Castelo* que anunciaban aos viandantes o inicio do acontecemento.

Multitude de xente reuniuse nesta cita de Catasol, unha das de máis tradición no municipio, para saborear o seu xa famoso chocolate que ía acompañado de doces elaborados polas propias socias do colectivo. Baixo a calor da súa luminaria, a celebración rematou cunha pequena verbena na que *Suso de Boente*, coa súa música, animou aos asistentes a saír a bailar nua velada tan máxica como foi esta noite.



As chocolatadas e as sardiñas, gastronomía tradicional da velada



As luminarias protagonistas da noite



Os veciños bailando ao son da música



Peregrinos posando co grupo de folclore O Castelo

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego



Certificado pola
Denominación de Orixe



FEADER



www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

